



ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A.) · xaneiro - febreiro - marzo 2004]




Asamblea de la Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos
C.C.E. - Quito, Ecuador 20 a 23 de Noviembre de 2003



25 de Novembro
Día da NON Violencia
de Xénero

nº 14






SUMARIO

Ateneo Ferro
Fundado en 1879

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos).



ATENEA
Revista trimestral do *ATENEO FERROLÁN*
Nº 14
Xaneiro-Febreiro-Marzo 2004

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Madalena, 202, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneo-ferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán respeta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores



REDACCIÓN
Lois Calvo Teixo, Fernando Ocampo Montesinos e María do Mar Villares Díaz

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
Xavier Pita Seixo

DESEÑO E MAQUETACIÓN
María Marqués

ILUSTRACIÓNS DAS CABECEIRAS
Leandro

COLABORACIÓNS
Adriana Fernández Acebo, Juan J. Burgoa, Ricardo Pena, Eliseo Xulio Zaera Landeira, Antonio Masdías, Tono da Graña, Arquinatura, Enrique Barrera Beitía, Eva Ocampo Vigo, ARaúl Pérez Torres, Manuel Salvador del Río Rey.

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza: BODEGA 147, CADENA DIAL, DISTRIGALICIA, MESÓN "O ESCUDO", CERVECERÍA REPÚBLIKA, A ESCOLA DA VACA, MOLDURAS COBELO, SARGADELOS, FOTOS JOSBE, VIAJES PACO, LIBRERÍA LIMIAR, MULTIÓPTICAS, RECINOR, CAIXANOVA, LIBRERÍA DEL CAMPUS.

Estamos en tempos de parto. Certamente tódolos tempos son de parto nesta natureza inmensamente diversa na que nos atopamos que dende unha perspectiva cósmica está toda ela en «proceso» dende aqueles «segundos» do *big-bang*, hai centos de millóns de anos, ata que a expansión chegue a un límite, se o hai, e se chega,...

Dito isto que é moito dicir e centrándonos nese colectivo minuscular dentro do cosmos que é o dos seres humanos, podemos afirmar que é certo que estamos parindo momentos intensos e diversos con expectativas ás veces inquietantes. En Euskadi xa hai semanas que romperon augas aínda que non se saben as características da criatura. En Cataluña as convulsións son evidentes e proporcionan as máis variadas opinións sobre os posibles resultados. En Andalucía tamén hai tremores e abanéanse as bases da súa autonomía.

En Europa case nos atopamos cun aborto non desexado por ninguén e o atranco, retención, parálise, aprazamento, sempre perigoso nun parto, deixa ós dirixentes de tódolos países da nacente Comunidade perplexos e desgustados. Non tanto ós cidadáns, cuestión para unha profunda análise que, alomenos polo que reflicten os medios de comunicación (outro tema de fonda reflexión) parecen non sentirse afectados polo fracaso no último cume de Bruxelas.

E mentres tanto Galicia **segue ó seu ritmo**, mirando ó mar, fonte inagotable, ate agora, dos seus amores e das súas tristuras. O mar que lle proporciona tantos recursos e ás veces tantos sustos, desgracias e sinsabores, mais o mar sempre, inesquecible e conformador, no seu encontro coas nosas terras, da xeografía física e espiritual, da paisaxe e da personalidade do noso pobo.

Temos tamén moitos atrancos e procesos complicados que producen pasiños para diante e pasiños para atrás...

En Ferrol viu a luz case definitivamente (faltan flecos) un alumbramento de trinta anos de espera, a chegada da autoestrada, ... ¡noraboa! para todos. E rexeito absolutamente afirmacións gratuítas como a de dicir que por aquí só sabemos poñer dificultades... ¡Por favor!, ¡un pouco de respecto e seriedade! Pedir que se cumpra a LEI,... ¿é poñer dificultades? Vai resultar que o que está ben é IMPOÑER decisións inxustas coa Garda Civil por diante (Embalse do Umia) ou afirmar rotundamente... «isto farase pese a quen pese», ou ameazar con canonazos a un barco cargado co tan «querido» chapapote... ¡E ninguén di nada!... ¡Por favor!

Pero chegando ó máis preto, o que nos toca de cerca, a sede do ATENEO FERROLÁN, patrimonio de toda a cidadanía de Ferrol, tanto no material como no seu contido e proxección. Tamén aquí temos «movida» esperanzadora.

Estase a «xestar» unha remodelación do edificio do século XVIII acorde co seu valor histórico-arquitectónico e que corresponda coa tarefa cultural e dinamizadora que o noso ATENEO leva e seguirá realizando. Temos por diante unha nova etapa que resultará «esplendorosa» para a entidade e para todo FERROLTERRA. ∞

ATENEO FERROLÁN

**O ATENEO FERROLÁN
VOS DESEXA QUE O ANO 2004
CHEGUE CON NOVOS AIRES
DE PARABÉNS E PROSPERIDADE**




AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA


PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS



Alicerces. Nº 16
«O carro no floclore de Galicia»
Xaquín Lorenzo Fernández
Ed. Museo do Pobo Galego. 2003
ISBN: 84-88508-34-4



Parando a marea negra
Colección «Ciencia para todos». Nº 3
Ed. Consello da Cultura Galega. 2003
ISBN: 84-95415-72-0



Revista de Estudios Mindonienses. Nº 19
Ed. Centro de estudios de la diócesis Mondoñedo-Ferrol. 2003
ISSN: 0213-4357




Utopías. Revista de debate político. Nº 195
ISSN: 1133-567X




Anuario Brigantino. Nº 25
Ed. Concello de Betanzos. 2003
ISSN: 1130-7625



Revista de arqueología.
Nº 263
MC ediciones. 2003
D.L.: M-34197-1980



***APTE.* Revista de la asociación de parques científicos y tecnológicos de España.** Nº 3
Ed. Apte. 2003
ISSN: 1696-0661



Boletín de información bibliográfica. Nº 1-2
Ed. Ministerio de educación, cultura y deporte. 2003
ISSN: 0210-9492

OBRAS DE REFERENCIA

Enciclopedia Galega Universal
Ed. Ir Indo

Enciclopedia Británica

Anuarios de Difusora internacional


Gran Enciclopedia Gallega

Enciclopedia *Proxecto Galicia*
Hércules de Edicións. Tomo XXXIX



AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA

NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS



Casa Skylab
Santiago Jaureguizar
Ed. Xerais
ISBN: 84-9782-045-2
Premio Xerais de Novela 2003




Ferrol a través dos seus personaxes
Raúl Rico, Luis Puig
y Jorge Mejuto (dir.)
D.L.: C-2059-03




A casamenteira
Antonio Benito Fandiño
Ed. Linteo
ISBN: 84-930058-6-X




Estudio sobre a situación laboral da comarca de Ferrol, Eume e Ortegal
Ed. Fundación Luis Tilve
ISBN: 84-95773-03-1




Músicas do Caurel. Cantares da serra. Vol. II
Xosé Luis Foxo
D.L.: OU-105/2000



Manuela Sáenz. Grandes biografías
Alfonso Rumazo González
Editorial Pedro Jorge Vera
Quito-Ecuador
ISBN: 9978-62-285-3




Migracións, sociedade e arquitectura. O caso galego
Plácido Lizancos Mora
Ed. Universidade da Coruña
ISBN: 84-9749-069-X



Las cruces sobre el agua
Joaquín Gallegos Lara
Ed. Antonio Correa Losada
Quito-Ecuador: 2003
ISBN: 9978-92-254-7

PRENSA DIARIA

Diario de Ferrol	**El Correo Gallego**	**A Nosa Terra**	**El País**
La Voz de Galicia	**Faro de Vigo**	**Galicia Hoxe**	**El Mundo**



GONZALO ROJAS

PREMIO CERVANTES 2003

Gonzalo Rojas nace no porto de Lebu, Chile, o 20 de decembro do ano 1917, no seo dunha familia mineira. Precisamente, catro anos despois do seu nacemento falecerá o seu pai dunha doenza causada pola súa profesión.

En 1926 trasladarase coa súa nai e os seus irmáns a Concepción, onde comenzará a estudiar nun estricto internado no que descubrirá a literatura, e no que permanecerá varios anos, sempre becado.

En 1934 decide abandonar esta institución e viaxará a Iquique (no norte do país). Alí reincorporarase ós seus estudios de secundaria e colaborará no diario «El Tarapacá». Relacionarase tamén cos mineiros do salitre.

En marzo de 1936 regresará a Concepción, por barco.Inscribirase no último curso de Humanidades, agora no «Liceo de Hombres», e fundará a revista «Letras», onde publica o seu ensaio «Los treinta años de Pablo Neruda» centrado nos mecanismos expresivos.

En 1937 comenzará a estudiar Dereito na Universidade de Santiago de Chile. De 1938 a 1941 traballará como Inspector no Internado «Barros Arana» para costearse os seus estudios universitarios. Posteriormente, inscríbese oficialmente no Pedagóxico, cando cursa o segundo ano de Dereito. Nesta época pasará a formar parte do grupo surrealista Mandrágora, fundado por Braulio Arenas, Teófilo Cid e Enrique Gómez Correa.

En 1942 abandonará Santiago. Despois, coñecerá a María, unha moza de 18 anos, filla dun cidadán británico recen casada e a punto de separarse. Ela chegará a ser a súa esposa e nai do seu fillo maior, e a figura central en moitos dos seus poemas de amor. Con ela fugarase ó deserto de Atacama; alí, entre outras actividades, dedicarase a alfabetizar ós mineiros.

En 1944 regresará á capital do país para traballar na Dirección de Informacións e Cultura. Traballará tamén con Leopoldo Castedo na revista «Antártica», da que chega a ser Xefe de Redacción, e retornará os seus estudios de Pedagoxía.

Ó ano seguinte irase a Valparaíso onde impartirá clases no Colexio Alemán. Presenta, ademais, o manuscrito de «La miseria del hombre» a un concurso da Sociedad de Escritores de Chile, baixo o seudónimo de «Heráclito». O premio ofrecido será a publicación do libro.

Un ano despois seguirá traballando en Valparaíso: de día ensina en colexios de mozos e nas noites



en liceos nocturnos, con alumnos que son empregados, obreiros, xente maior... Comenzará a ter conversacións con autoridades do porto para crear un Instituto de Ensinanza Superior: de alí sairá o que chegaría a ser a Universidade de Chile de Valparaíso. Como non lle publicaron o seu libro premiado, decide costear el a súa edición.

En 1952, coas recomendacións dos profesores do Pedagóxico de Santiago Antonio Doddis e Juan Uribe Echeverría, gaña por concurso as cátedras de Literatura Chilena e de Teoría Literaria do Departamento de Español da Universidade de Concepción, departamento que debe reorganizar e comeza a dirixir.

En 1955 dirixirá a Primeira Escola de Verano da Universidade de Concepción e, a partir de 1958, organizará tamén os famosos Congresos de Escritores en Concepción, reunindo o máis selecto da literatura latinoamericana. Ese mesmo ano obterá por concurso a Beca de UNESCO para escritores. En setembro, facendo uso dela, embárcase en Bos Aires rumbo a Le Havre. Acompáñao Rodrigo Tomás. Instálase en París e percorrerá moitas das capitais europeas.

En 1969, como resultado do proceso de reforma universitaria do ano anterior, no que xogou un

«...a partir de 1958, organizará tamén os famosos Congresos de Escritores en Concepción, reunindo o máis selecto da literatura latinoamericana».

papel moi significativo, será elixido Director do Consello de Difusión Universitaria da Universidade de Concepción. Convértese así na terceira autoridade e estará a cargo de toda a política cultural da institución.

Ó ano seguinte, Allende noméao Conselleiro Cultural en China onde vivirá a etapa anterior á Revolución Cultural, o que lle dá un coñecemento singularísimo e directo do proceso. En 1972 trasládase a Cuba como Encargado de Negocios, rango equivalente a Embaixador que ocupará ata a caída do Presidente.

Ante este feito e convertido nun exiliado forzoso, tentará, sen éxito, ser acollido en varias misións diplomáticas de América e Europa. Finalmente, irase a Alemania Oriental, onde se lle asignará unha cátedra na Universidade de Rostock, co título de "Herr Professor» e un salario alto, pero sen clases.

En 1978, gracias a unha artimaña con pasaportes antigos, pode saír da RDA. Trasladarase con Hilda, a súa muller, e o seu fillo Gonzalo, a Caracas, contratado pola Universidade Simón Bolívar. Formará parte do xurado que outorga o Premio «Rómulo Gallegos».

En 1979 obtén a beca Guggenheim e regresa Chile, onde non se lle abren as portas de ningunha universidade, polo que se instala nas terras de Chillán, cerca do seu Lebu natal. Aceptará varios contratos temporais en universidades americanas ata que, en 1985, comenza a traballar na Universidade de Brigham Young, de Provo, Utah, da que será nomeado Profesor Emérito e Escritor en Residencia.

En xaneiro de 1991 será designado profesor emérito da Universidade de Concepción e instálase definitivamente en Chile, aínda segue dando conferencias e seminarios por todo o mundo. Será a partir desta época cando lle chegarán a maioría de recoñecementos e premios.

Así, obtén en 1992 o Premio Reina Sofía de Poesía Iberoamericana e o Premio Nacional de Literatura de Chile; en 1995 o título de Ciudadano Ilustre de Valparaíso; en 1997 o Premio José Hernández; e en 1998 o Premio Octavio Paz Poesía e Ensaio. Por último, en 2003, obterá o Premio Cervantes de Literatura.

«Allende nomeouno Conselleiro Cultural en China, onde vivirá a etapa anterior á Revolución Cultural».

SAUDAMOS A PRÓXIMA SAÍDA DUNHA NOVA REVISTA, VOCEIRO DA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO MOSTEIRO DE SANTA CATALINA DE MONTEFARO. A SÚA CABECEIRA, «O CLAUSTRO», SAIRÁ ILUSTRADA COA VISIÓN ARTÍSTICA DO NOSO COLABORADOR TONO DA GRAÑA.







LEMBRANZAS DE... RICARDO PENA

"A REPÚBLICA"

Ó PROFESOR ASESINADO D. JACINTO

De tu alma fluía la bondad,
Tu blasón era la paz y la armonía;
Y has pagado con tu vida en aquel día
La ira de la cobarde crueldad.

«Naqueles tempos, ó igual que os actuais, para o pobre sempre é noite».

No ano 1931 aparece a República. A xubilosa euforia das xentes dando gritos de ... ¡Viva a República!, prendeu tamén entre a mocidade para se saudar os uns ós outros. Cinco anos máis tarde cambiarían polo ... ¡Viva Franco! E eu creo que, se en ambos os casos se gritase... ¡Viva Premura!, valería igual, porque ámbos os dous eran froito da ignorancia daqueles tempos.

Lembrando aqueles días penso que a maioría da xente non estaba preparada para un cambio tan repentino, porque algúns tomaron a chegada da República como un salto á liberdade onde se podía facer de todo; e esto deu orixe a un descomunal «desmande»: queima de igrexas, asalto a lugares de tipo relixioso, casinos, etc... Ata os mozos que pertenciamos á clase obreira tiñamos a nosa guerra particular contra os fillos dos «señoritos» e despois veu o peor. Este noso comportamento trae á miña memoria aquel cadro de Goya no que aparecen dous españois enfrontándose a bastonazo limpo.

¡Que mágoa! Aqueles homes, tales como: Alcalá Zamora, Manuel Azaña, Gil Robles, Julián Besteiro, etc., non foron capaces de frear aquela euforia descontrolada e que trouxo tan tristes consecuencias; porque sen estes tropezos, España daría un verdadeiro cambio cara o progreso.

Mais por desgracia para o pobo español non foi así. Talvez un malestar que se deixaba sentir entre o relixiosos e as capas da alta sociedade trouxo o terrorífico golpe de estado de 1936, convertido nunha guerra civil que deixou a España cuberta de loito, sangue e miseria.



Os que vivimos aquela traxedia quedamos traumatizados para sempre, sen poder apartar de nós o fantasma do medo, e isto non debe estrañar a ninguén, porque dende as nosas casas, ás tres ou catro da madrugada nos espertaban os gritos e os tiros dos que eran fusilados. Dous da miña familia correron esta sorte: o meu tío José (38 anos) e o meu curmán Cándido (22 anos).

Cando chegou a República eu tiña 11 anos, e cando se produciu o golpe militar para eliminala estaba a punto de cumprir os 17. De aquel ano de 1931 podo lembrar os vivas á República e o ambiente festivo que se vivía en todas partes, incluso os nenos pelexabamos para conseguir un pequeno «lacito» da bandeira tricolor. Mais co paso dos anos fun comprendendo mellor as cousas e decatándome de que a República non foi «discutida nas urnas para decidir entre Monarquía e República». Soamente o triunfo da Fronte Popular nunhas eleccións «municipais» serviu para cambiar a forma de Estado.


Lembro moitas cousas dos tempos da 2ª República, cousas que, se naquela idade non podía comprender, penso que agora na miña vellez podo xulgar con maior acerto algúns acontecementos que conservo na miña memoria.

Unha das cousas boas que se acadaron na República foi a «Semana Inglesa», que consistía en non traballar os sábados pola tarde. Este avance social foi recibido con grande xúbilo, mais foi tan repentino e inesperado que moitos pequenos empresarios, tales como mestres de obras, talleres de carpintería, etc.. deron quebra e pecharon as súas portas; co conseguinte despido do persoal.

Ferrol e a súa comarca sempre viviron da mariña e o Arsenal, mais esta grande empresa, chamada tamén máis tarde «E.N. Bazán», cando naqueles tempos entregábase un barco, despedían parte do persoal sen ningún tipo de prestación social. Así pois non era difícil encontrar a moi bos profesionais (electricistas, carpinteiros, mecánicos,...) traballando a pico e pala en outros lugares ou machucando pedra para a reparación de estradas. E esto sucedía en plena República.

Non esquezamos que naqueles tempos había dous sindicatos; UGT e CNT, mais non tiñan a suficiente forza como para defender casos que hoxe, afortunadamente, se tratarían de forma máis humana.

En todos os tempos lle tocou á clase obreira «bailar coa máis fea» porque naqueles tempos, ó



igual que os actuais, (e aquí vou empregar unha frase da miña aboa), para o pobre sempre é noite.

Ós que xa temos moitos anos marabíllanos ver como evolucionaron os tempos nestes pasados setenta. Non había «tele», non había tanto coche (na clase obreira ningún). Mais creo que a xente era máis humana, máis sinxela e ata creo que máis responsable. Non había moitos «Bachilleres» mais tampouco había tantas «mamarrachadas» polas paredes como agora, e ata as rapazas tiñan uns modais e un vocabulario máis finos.

É certo que non se pode deter o tempo e que o renovarse ou morrer é tamén unha necesidade indiscutible; mais sempre hai algo que queda na lembranza e fainos aflorar na alma a nostalxia desas moitas cousas que desapareceron deste noso Ferrol.

Cando se tratou de facer o novo Concello onde agora está instalado, o proxecto rechazouse tacitamente pola maior parte dos ferroláns; mais .... ¿quen se atrevía a levantar a voz? Aquela Praza de Armas tan bonita, tan concorrida pola xente e moi especialmente polas «niñeras» que levaban a xogar alí ós nenos e nenas das familias que podían pagar este servicio, estaba a punto de desaparecer. Aquel Obelisco rodeado da famosa fonte que abasteceu de auga durante tantos anos ás xentes da nosa querida vila, e aquelas «barracas» que durante as festas de agosto tanto nos divertiron ós máis pequenos; e o mesmo toldo do famoso «Bonilla», no que por unha «mota» mercabamos dous saborosísimos churros.

Á hora do mediodía, e despois do xantar, tiñan por costume reunirse alí «mentres tocabanos o pito» que lles chamaría para continuar a xornada da tarde, algúns grupos de obreiros, co fin de informarse das noticias do día por medio do «Heráldico de Madrid»; xornal preferido pola maioría. E ó igual que como na *Agora Ateniense*, discutíase de política e cuestións sociais; polo que creo, que naqueles tempos tomábanse estas cousas con maior interese do que se fai agora.

O Antigo Concello estaba no Cantón de Molíns; e lembro que este edificio tiña unha grande balconada de granito sostido por robustos «canzorros» e unha varanda de ferro forxado. Así mesmo lembro tamén a balaustrada coas súas esculturas que fermoseaban esta zona á sombra dos magnolios. E digo eu: ¿con estes traslados quedou Ferrol máis bonito? ¡Non!

Non lembro as portas que antigamente daban acceso á cidade, pero si, lembro restos do baluarte que a protexía. Parece ser que eran dúas as portas que antigamente daban entrada a Ferrol: a Porta de Canido e a Porta de Caranza; mais ó facer a chamada «carretera de Castilla» houbo que facer outra porta máis, á que chamaron Porta Nova, nome que, os poucos que quedamos da miña idade continuamos empregando, e non Praza de España.

Eu téñome preguntado moitas veces: ¿foi de tanta necesidade desfacer aquela antiga fortificación? ¿non daría a Ferrol certo valor patrimonial?

Din algúns: «Ferrol non ten moitas cousas que sexan de interese para ensinar porque sempre foi unha vila militar». E digo eu que, tamén foi Lugo unha fortaleza militar e hoxe está considerada como Patrimonio da Humanidade.

Posiblemente peque de atrevido ó xulgar se as cousas se fixeron ben ou mal, pero ás veces ate ós ignorantes se nos dá a razón.

(...) «Eu teño fe no porvir, e penso que cando os españois se dean cabal conta de quén e cómo foron, e a qué circunstancias históricas se deben o seu atraso e as súas desditas, haberá de producirse unha reacción de traballo intelixente, orixinal e creativo».

Américo Castro

A CABANA

A tí, fermosa Cabana,
verxel da veira da ría,
orgullo das tuas xentes
que, si se alonxaran de ti
nunca te esquencerían.

Eres terra de artistas
cabaléiros e señores,
dos que podemos lembrar
o pintor Máximo Ramos
i o fidalgo Román Torres.

A Cabréira, San Antonio,
A fontíña do Balán;
camiños que recorría
cando viña dala misa
o noso crego don Xuan.


Eu gardo de tí nos meus cadros
como si fose un tesóuro,
os botes do teu peiráo,
as marisqueiras no mar
e os pinos do promontóiro.

Cantas veces me fixéi
dende a praza do Pilar
como a fachendosa Graña
se miraba dende o alto
no espelliño do teu mar.

Gracias por vivir en tí,
pola paz que se respira,
polo orgullo de deixar en tí
unha Rúa pra toda a vida.
Por todo elo: Gracias, querida.



RICARDO PENA



RAZÓNS PARA O METROTREN

Por Manuel Salvador del Río Rey
(Presidente de AFAF)


«Como Asociación a nosa filosofía é limpa e transparente; desexamos que a nosa proposta de «Metrotren» chegue en condicións a toda a comarca».

Nunha época en que a estrada era sinónimo de modernidade e de alto nivel de vida poucas oportunidades se lle deron ó ferrocarril. Sen embargo co transcurso dos anos a estrada foi víctima do seu propio éxito.

O desmesurado incremento do parque automobilístico esta colapsando todos os accesos ás cidades, agravándose a situación, máis aínda, cun novo problema; a falta de aparcamento. Os conductores téñense que enfrontar non só a longas retencións senón, unha vez chegado ó seu destino queda a peor parte, o aparcamento do vehículo.

Estes feitos deron a volta á situación do ferrocarril. De repente a propia estrada converteu ó ferrocarril, e os medio de transporte baseados nel, como o tranvía, etc..., no medio máis eficaz de transporte público.

Quedou sobradamente demostrado que un ferrocarril moderno no que se realizan as inversións necesarias ofrece un extraordinario servicio á sociedade.



Metrotrén en Bilbao.

Neste contexto nace a iniciativa de AFAF denominada «Metrotren» que pretende potenciar o uso do transporte público tanto por estrada como por ferrocarril na nosa comarca.

Sería un erro, e así desde AFAF desexámolo facer constar, desequilibrar o esforzo inversor destinado ó transporte a favor da ampliación de estradas co seu monopolio de transporte. A corto prazo sería unha solución valida pero debilitaríase cada día máis o transporte urbano e, sobre todo, o ferrocarril con inversións ridículas, que acabarán minguando a súa capacidade e actividade como medio de transporte alternativo ecolóxico e sobre todo social, algo que, como entidade pública, non podemos consentir.




Estacións de Metrotrén en Quito, Ecuador.

Como Asociación a nosa filosofía é limpa e transparente; desexamos que a nosa proposta de «Metrotren» chegue en condicións a toda a comarca.

Pouco importan as medallas que se colguen os representantes políticos neste empeño con tal de poñer en servicio un sistema de transporte eficaz, ecolóxico e económico esixindo, como é natural, a implicación seria dos Concellos, da Deputación, da Xunta de Galicia e todas as administracións que teñan algo que dicir no tema.

En distintas cidades do país, os diferentes concellos e gobernos autónomos están traballando xa na posta en marcha deste tipo de sistemas de transporte, tranvía, metro lixeiro, etc...

Ferrolterra non debe ser menos que outras entidades metropolitanas que, ademais, non teñen as excepcionais condicións que presenta a nosa comarca como son unha rede de estradas boas e as infraestructuras de FEVE e Renfe.



RECINOR
UNHA PLANTA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN

Por E.X.Z.L.

O empresario ferrolán José Juan Rilo vén de botar a andar unha nova empresa, RECINOR, que, polo novidoso da súa actividade, ben merece estas páxinas de análise.

A actividade de RECINOR baséase nunha planta para o tratamento, separación e posterior reciclaxe de residuos procedentes do sector da construcción. Esta planta ocupa unha extensión de 15.000 m² dentro da parcela de 45.000 m² que o grupo de empresas RILO posúe en Catabois (Ferrol). Actualmente traballan nela 15 empregados e inclúe, ademais da planta de tratamento propiamente dita, unha estación para a pesada de camións e un parque de acopio para os productos finais.

A planta ten unha capacidade de tratamento estimada de 50.000 Tm. de residuos ó ano nun só turno de traballo, mais polo de agora está funcionando a un 30 % desta capacidade total de tratamento. A pesar do pouco tempo transcorrido desde a súa posta en marcha, xa ten conquerido un rendemento de reciclaxe dun 90 % dos residuos. É dicir, que de cada 1000 Kg. de residuos que entran na planta, obténense 900 Kg. de productos revalorizables e só 100 Kg. de refugallos que se eliminan a un vertedoiro autorizado.

A planta de RECINOR é a única de España na que se realiza unha xestión integral de residuos do sector da construcción, co obxectivo primordial de alcanzar a máxima revalorización posible dos mesmos. Esto conséguese cun proceso no que os tratamentos son fundamentalmente físicos: separación manual de residuos, selección por tamaños e por densidades, separación de elementos férricos mediante electroimáns, trituración, etc.

Os productos principais do proceso son áridos para a construcción de diversas granulometrías, como balastos, zahorras de formigón, areas, etc., cun altísimo nivel de homoxeneidade e unha óptima calidade, certificada polas constantes análises de producto que se realizan.

Unha das grandes vantaxes do proceso desenvolto por RECINOR é a flexibilidade. Pódese variar a composición ou o tipo de productos finais segundo a demanda do mercado. Intensificando os labores de selección e separación sobre un tipo ou outro de residuo, e sen variar o conxunto do proceso, pódense obter desde áridos especiais para a compactación de gavias ata areas ornamentais coloreadas para uso en xardinería.

Ademais destes productos que poderiamos denominar «materias primas procedentes de reciclaxe», RECINOR separa madeiras, metais férricos, cobre, aluminio, plásticos de alta e de baixa densidade e cartóns, que envía a empresas de reciclaxe específicas para cada tipo de producto.

Unha análise especial merecen os residuos tóxicos e perigosos (RTPs) que indefectiblemente aparecen mesturados cos escombros que RECINOR trata. A normativa da Unión Europea e a lexislación estatal e autonómica obrigan a que os RTPs sexan correctamente xestionados e na lista aparecen refugallos tan habituais como botes de pintura e verniz baleiros, baterías de coche, pilas, cartuchos usados de silicona, electrodomésticos, colchóns, etc.

RECINOR separa na súa planta estes residuos e os envía á planta de SOGARISA nas Somozas para a súa inertización. Esta operación supón un alto custo para RECINOR, pois SOGARISA cobra polo tratamento dos RTPs.


A lexislación actual en materia de residuos obriga a calquera actividade industrial a se rexistar como productor de residuos, e isto inclúe a promotores, constructores e contratistas de obras de construcción. As autoridades competentes poden solicitar dos productores de residuos unha xustificación da correcta xestión dos residuos por eles producidos. Hoxe en día, RECINOR é a única empresa de xestión de residuos da construcción que entrega ós constructores un certificado que especifica a cantidade, tipo e destino dos residuos que lles retira.


Paradoxalmente, José Juan Rilo aprecia unha certa reticencia (fala incluso de perda de clientes), por parte de certos constructores, a que os seus residuos sexan controlados segundo marca a lei.

Polo de agora, as Administracións non están aplicando rigorosamente a lei no tema do control dos residuos, e case que non existen inspeccións nin se esixen os certificados de residuos no sector da construcción. Por outra banda, a meirande parte das empresas do sector da construcción non separa, como é obrigatorio, os RTPs dos residuos inertes.

Un dos medios que RECINOR e a empresa de colectores para residuos da construcción RILO

«A planta de RECINOR é a única de España na que se realiza unha xestión integral de residuos do sector da construcción».





DOPICO utilizan para presionar ós constructores a que realicen a separación de RTPs e inertes en orixe consiste en penalizar a falta de homoxeneidade dos residuos nos colectores. O custo da retirada de cada colector increméntase canta menos homoxeneidade teña, e si nel se mesturan RTPs, o custo é aínda máis alto. Desta maneira cúbrense parte dos gastos que orixina o envío dos RTPs a SOGARISA.

Poderíase pensar que xestionar os residuos de construcción a través de RECINOR e RILO DOPICO é máis caro que entregalos a outras empresas de retirada de escombros, pero non é así. A filosofía de RECINOR é que o custo para as empresas constructoras non sexa un elemento disuasorio para a entrega dos residuos. De feito, José Juan Rilo asegura que son máis baratos que a competencia.

José Juan Rilo é optimista ante o futuro do sector da reciclaxe de residuos da construcción, aínda que recoñece que, polo de agora, só as grandes constructoras cumpren a normativa da U.E. e comezan a integrar a filosofía dos tres erres (Reducción, Reciclaxe, Reutilización) nas súas políticas de empresa. Apunta tamén que este non é un defecto «*typical spanish*» senón que en moitos países da U.E. (coa excepción de Alemaña e Holanda, onde a reciclaxe leva moitos anos funcionando moi ben) sucede o mesmo.

Unha das bases deste optimismo de Rilo é o grande interese que o seu proxecto espertou en toda España e incluso en Portugal e que o fai un referente fundamental no sector. Mantén abondosos contactos con empresarios de Cataluña, Asturias, Galicia, País Vasco, etc. moi interesados en construir plantas como a de Catabois. Ábrese así a posibilidade de que desde Ferrol se exporte unha tecnoloxía de proceso que non só signifique novas vías de negocio senón que ademáis se integra totalmente na filosofía de respecto ambiental e desenvolvemento sostible que tanto ten propugnado a U.E. nas últimas dúas décadas.

RECINOR é un claro exemplo de cómo a actividade empresarial e o medio ambiente son totalmente compatibles e de cómo o respecto ambiental, ademáis de ser moralmente esixible, pode e debe chegar a ser tamén economicamente rendible. ⌘

25 DE NOVEMBRO "DÍA DA NON VIOLENCIA DE XÉNERO"


Do 13 ó 26 de novembro nas Salas da nosa entidade, e conmemorando o «DÍA DA NON VIOLENCIA DE XÉNERO», tivemos a **EXPOSICIÓN ITINERANTE: «MULLER»** do Ateneo Ferrolán que está composta por unha SELECCIÓN de 30 carteis elaborados polas disitntas asociacións, partidos políticos, sindicatos, ... relacionados con actos conmemorativos sobre o 8 de marzo, así como alusivos á violencia de xénero, ou calquera outro destinado á reivindicación dos dereitos da muller, en todos os ámbitos sociais e laborais ó longo da historia.

O 25 de novembro declarouse día Internacional contra a violencia ás mulleres no primeiro encontro feminista de Latinoamérica, que se celebrou en Bogotá en xullo de 1981. Neste encontro as mulleres denunciaron a violencia de xénero en todos os ámbitos da sociedade, os malos tratos e os asasinatos no fogar, as violacións, o acoso sexual, e a violencia en xeral cara as mulleres, incluída a tortura e abusos sufridos por prisioneiras políticas. Escolleuse este día para non esquecer o asasinato das irmás Mirabal, tres activistas asasinadas en 1960 a mans da policía secreta do dictador Trujillo, na República Dominicana. O pasado ano a ONU deu carácter oficial a esta data.

As agresións e asasinatos de mulleres aparecen a diario nos nosos xornais, son tan cotiáns que empezan a asumirse como algo inevitable. Pero non hai nada de inevitable nin de fatal na violencia de xénero, e o certo é que non se está a facer todo o posible para combatela.

En 1998 aprobouse o *Plan de Actuación de la Comisión Intersectorial de la Mujer del Parlamento*, que inclúe numerosas medidas que non se están poñendo en práctica na maioría dos casos. Estas medidas están repartidas en seis áreas de actuación:

LEI INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO,



· MEDIDAS DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN, que inclúen actuacións para formar ós distintos grupos de profesionais implicados no tratamento e a prevención da problemática que ven derivada da violencia de xénero.

· MEDIDAS DIRIXIDAS Á CREACIÓN DUNHA INFRAESTRUCTURA SUFICIENTE para dar cobertura ás necesidades que se presentan cando se producen agresións: casas de acollida, pisos tutelados, unidades específicas de atención en comisarías, políticas de discriminación positiva no acceso á vivenda,etc.

· MEDIDAS DE ACTUACIÓN DIRIXIDAS Ó ÁMBITO DOS SERVICIOS DE SAÚDE: protocolos sanitarios a seguir en caso de agresións, actuacións de prevención, etc.

· MEDIDAS LEXISLATIVAS E XUDICIAIS, como veces específicas de avogadas de oficio, protocolo de coordinación con outros axentes implicados, impulsar a aplicación de medidas de aloxamento, etc.

· MEDIDAS DE SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN, destinadas á concienciación da sociedade en xeral coa gravidade deste problema a través dos centros educativos, medios de comunicación, etc.

· MEDIDAS DESTINADAS Á ELABORACIÓN DE ESTUDIOS ESTATÍSTICOS E DE INVESTIGACIÓN sobre a incidencia, frecuencia, formas que adopta, e consecuencias que ten a violencia contra as mulleres.

LEY INTEGRAL
CONTRA LA VIOLENCIA A LAS MUJERES

«...non hai nada de inevitable nin de fatal na violencia de xénero, e o certo é que non se está a facer todo o posible para combatela».





A aplicación real destas medidas pode paliar situacións moi graves que se están a producir, axudando ademais a prever outras. Suporía tamén unha resposta ás demandas que historicamente se veñen facendo dende as organizacións feministas para solucionar este problema. Por todo isto debemos esixir a todos os gobernos, central, autonómicos e municipais que se tomen en serio este problema e se impliquen para actuar de forma contundente para prevelo e atallalo.

Pero debemos ter claro que a violencia de xénero non desaparecerá mentres que non acabemos coa discriminación que as mulleres sufrimos nesta sociedade. A violencia de xénero existe porque existe unha relación desigual entre homes e mulleres. Ata que as mulleres non deixemos de ser cidadás de segunda clase non se acabará con este problema. Entrando no século XXI, as mulleres seguimos tristemente encabezando as porcentaxes de pobreza, menor salario, precariedade laboral e bolsas de paro. A nosa presencia e representación na vida pública, nos postos de responsabilidade, segue sendo minoritaria, incluso nos sectores onde somos mulleres principalmente, as traballadoras. Mentres no ámbito privado, o traballo das mulleres no fogar segue a ser invisible, e infravalorado.

A violencia de xénero ten un obxectivo claro, o de inferiorizarnos e atemorizarnos para exercer sobre nós un control férreo que afirme o poder patriarcal. Consegue en moitos casos paralizarnos, destruír a nosa autoestima e a nosa capacidade de reacción. Debemos romper esta cadea que se nos impón, descubrir os mecanismos de opresión e acabar con eles. Debemos impulsar un debate social profundo para cuestionarnos todas as estructuras que reproducen e manteñen esta situación de discriminación das mulleres. É necesario que a coeducación sexa unha realidade en todos os tramos da ensinanza e da vida social en xeral, para facer desaparecer a discriminación e a exclusión que padecemos en moitos ámbitos, dando paso a unha igualdade real.

É, por tanto, un traballo de transformación social, intenso e cotián, o que temos por diante, en todas e cada unha das esferas nas que nos movemos, para que o 25 de novembro deixe de ser unha data de necesaria reivindicación.

«Debemos impulsar un debate social profundo para cuestionarnos todas as estructuras que reproducen e manteñen esta situación de discriminación das mulleres».







Manifestacións en Paris, no «Día da NON Violencia de Xénero»: 25 de novembro

¡A VIOLENCIA DE XÉNERO TAMÉN É TERRORISMO! .... ¡TOLERANCIA CERO!

VOCALÍA DA MULLER
ATENEO FERROLÁN

ATENEOS E OUTRAS COUSAS

Por Tono da Graña

O pasado mes de outubro tiven o gusto e a ocasión de asistir á entrega do PREMIO Á TOLERANCIA «JOSÉ PRAT».

Este é un premio que conceden, cada bienio, os ATENEOS federados de España a un personaxe público cunha traxectoria que sexa recoñecida como notoriamente democrática, e sen fisuras (dentro do que se poida «cocer», claro está).

Nesta ocasión, entregóuselle ó *«Defensor del Pueblo»*, D. Enrique Múgica Herzoz; e por unanimidade.

TOLERANCIA de TOLERAR, fermoso verbo que deberían estar a conxugar a maioría dos políticos que nos están mandando –nunca mellor dito– fai algún tempo.

Como forma de vida para o resto dos mortais, debe ser un lema. Como concepto –falando como ateneísta– *o leitmotiv* da existencia dos Ateneos.

Por certo, e antes de entrar en outro tipo de disquisicións e como información ós Socios e Socias recordemos (relación na columna da dereita), os ATENEOS FEDERADOS co noso.

Isto, fóra da información en si mesma, que pode ser interesante para os socios e socias noutras cuestións, pretendo que me sirva de preámbulo para un par de reflexións que desexo facer.

A primeira sería acerca da necesidade de estar FEDERADOS como ferramenta de traballo.

A segunda, como defensa ante as agresións das distintas Administracións.

Tentarei xustificar a primeira. E fareino con algún exemplo dos moitos que poden argüír vostedes mesmos.

Sirva entón e por facerme localista (cousa que tanto lle vale a Paco Vázquez) sirva, digo, de exemplo para a ampliación da cuadrícula na Declaración da Renda onde se refire o diñeiro destinado á Igrexa Católica. Pois ben, foi dende a Federación de AA.VV. de Ferrol onde se acadou o engadido:»... ou outros fins sociais» (debe lerse entre liñas: cartos para as ONGs, por exemplo).

O anterior non deixa de ser anecdótico, sen embargo, ¿qué dúbida hai? ilustrativo en canto ás posibilidades que se multiplican á hora de compartir experiencias, vivencias ou, incluso, cousas máis tanxibles como é intercambiar exposicións, vídeos, conferenciantes, etc...

ATENEO BARCELONÉS
ATENEO CIENTÍFICO Y LITERARIO DE ALICANTE
ATENEO CÍRCULO MERCANTIL E INDUSTRIAL DE CASTELLÓN
ATENEO DE ALBACETE
ATENEO DE ALGECIRAS
ATENEO DE ALMERÍA
ATENEO DE BADAJOZ
ATENEO DE CÁCERES
ATENEO DE CASTELLÓN
ATENEO DE CÓRDOBA
ATENEO DE JAÉN
ATENEO DE LA LAGUNA
ATENEO DE MADRID
ATENEO DE MÁLAGA
ATENEO DE MELILLA
ATENEO DE OURENSE
ATENEO DE PLASENCIA
ATENEO DE POZUELO DE ALARCÓN
ATENEO DE SALAMANCA
ATENEO DE SANLÚCAR DE BARRAMEDA
ATENEO DE SANTANDER
ATENEO DE TARRAGONA
ATENEO DE VALLADOLID
ATENEO ENCICLOPÉDICO POPULAR DE BARCELONA
ATENEO JOVELLANOS DE GIJÓN
ATENEO LICEO DE MÉRIDA
ATENEO LITERARIO DE CÁDIZ
ATENEO MARÍTIMO DE VALENCIA
ATENEO MERCANTIL DE VALENCIA
ATENEO NAVARRO
ATENEO OBRERO DE GIJÓN
ATENEO RIOJANO



A min, sen ir máis lonxe, como persoa ligada ó Teatro e ó Cine, propuxéronme dende os Ateneos de Cáceres e da Rioja intercambiar montaxes teatrais. Mágoa que o escenario do noso Ateneo non sirva para montar obras, nin para recibir compañías de teatro. Como dicía antes, este non é máis que un exemplo dos moitos que, seguro se lles podería ocorrer a vostedes.

Mais quérome referir á segunda reflexión, que é a que me ten máis alporizado. E tenme alporizado a forma de actuar de moitas Institucións, así como as distintas Administracións, ben sexan Autonómicas, Deputacións ou locais, as cales está descaradamente a favorecer –non quero pensar que sexa a mala fe– a calquera clientelismo con nome de Asociación: «Grupo de Amigos Do Que Sexa» (GADOQUESE), «Mulleres Con Inquedanzas» (MUCOIN), «Cursiños De Convivencia», ... etc.. Aquí, os socios e socias poden engadir mentalmente tódolos nomes que están fartos de coñecer.

«Serei utópico, mais confío nos lugares libres para poder debater, como é o ATENEO FERROLÁN».

Isto, xúroo, non o escribo con acritude. Sei que para as Administracións (mellor dito, para os políticos que as representan) o repartir a «tallada» é o cómodo e o que xera votos.

E nesas estamos: acadar votos.

Pero hai opcións políticas; que son as criticables por esperar máis delas, polo menos eu, por canto xurdiron das moitas reflexións e análises tentando acadar unha sociedade máis parella e máis xusta para todos.

En aras deses conceptos, teñen que valer máis as ideas que os votos. Unha vez convencidos, estes xa chegarán. Non se pode, nin se debe, minusvalorar á xente. É certo que, por desgracia para a sociedade de hoxe, están a prevalecer as outras opcións políticas consentidas e amparadas por nós mesmos. Ás veces, sen sequera ter conciencia disto.

Non deben doer prendas ó desenmascarar o dirixismo. Hai que denunciar a manipulación da TV pagada por todos. Os programas *lixo* (en horas de maior audiencia). Os telexornais *lixo*, dirixidos polos Urdaci de *turno* (non fai moito un Tribunal fíxolle rectificar publicamente unha noticia).

A manipulación, así mesmo, do Fiscal Xeral do Estado; cambiando ou facendo demitir ó seu antollo a todo un Fiscal Anticorrupción.

A carencia de diálogo e de claridade por parte do Goberno (impedíronse as creacións de Comisións de Investigación para analizar: «ERCROS», «PRESTIGE», «Trama da Construcción» na *Asamblea de Madrid* , Invasión de Iraq, ... todo isto abusando da maioría absoluta. Non poden seguir a ter a maioría; porque a ver ¿quen é capaz de restituír o trato coa ONU, coa UE, con América Latina, Marruecos ou o Islam, ... entre outros?

E no referente ás Sociedade Culturais, e das Pseudo-Culturais –remacho– as Institucións teñen claro que é máis doado repartir a «tallada» aínda que sexa a costa de non esixir excesivos resultados. Iso si, tampouco excesivas molestias, como dicía: son votos. Se é molesto, é tachado de díscolo, entón cérnese sobre ti a ameaza do recorte nas subvencións. Pois ben, se iso supón que se vai perder INDEPENDENCIA para poder opinar; como socio, creo que vale máis esta última opción.

Serei utópico, mais confío nos lugares libres para poder debater, como é:

O ATENEO FERROLÁN 

ADHESIÓN DO ATENEO FERROLÁN Ó FÓRUM BARCELONA 2004

Principios e Valores do Fórum Universal das Culturas

Valores democráticos
Dereitos e liberdades individuais
Respecto por todas as etnias
Respecto polas identidades culturais
Fomento do diálogo interrelixioso
Recoñecemento da diversidade lingüística
Fomento da creatividade
Defensa da biodiversidade
Responsabilidade social
Desenvolvemento sostible

Valores democráticos

O respecto polos valores e institucións democráticas, con especial énfase na promoción da participación cívica.

Dereitos e liberdades individuais

O fomento das condicións de paz a través da defensa dos dereitos e liberdades individuais, moi especialmente no ámbito da cultura, con especial atención ós máis vulnerables e á defensa dos principios de equidade e solidariedade, así como ó exercicio do dereito á información e a participación responsable dos individuos na construcción do seu propio futuro.

Respecto por todas as etnias

O respecto por todas e cada unha das etnias existentes, con especial fincapé na protección das minoritarias, e o fomento da loita contra toda clase de exclusión.

Respecto polas identidades culturais

O respecto por todas e cada unha das identidades culturais, con especial énfase na protección das culturas minoritarias, no marco da consolidación dun modelo de sociedade aberta e plural.

Fomento do diálogo interrelixioso

O respecto por todas as relixións e a promoción do diálogo interrelixioso.

Recoñecemento da diversidade lingüística

O recoñecemento e o respecto por todas e cada unha das linguas do mundo, con especial atención á diversidade lingüística entendida como patrimonio universal que é preciso protexer e fomentar, sen prexuízo da aprendizaxe das linguas comúns e doutras grandes linguas vehiculares.



Fomento da creatividade

O fomento da creatividade, a educación e a democratización do coñecemento como vías de transmisión de valores e actitudes que contribúen a crear unha cultura de paz e a desenvolver o diálogo entre culturas, potenciando os diversos sectores culturais que estimulan a creatividade dos individuos e grupos culturais, e contribúen á transmisión e conservación do patrimonio cultural material e inmaterial.

Defensa da biodiversidade

A defensa da biodiversidade mediante a protección e mellora da calidade do medio ambiente, así como a conservación e o uso racional dos recursos naturais.

Responsabilidade social

A necesidade de contar cun tecido económico, social e institucional socialmente responsable, comprometido cun crecemento económico equilibrado e ecoloxicamente sostible.

Desenvolvemento sostible

A atención especial ó desenvolvemento sostible do territorio urbano dende o punto de vista medioambiental, social, cultural e económico, sen perder de vista que a cidade é o principal hábitat do ser humano do século XXI, e o espacio onde se cristalizan as súas expresións creativas e os froitos da innovación tecnolóxica.

FALAMOS DE... 

CRONOLOXÍA DA PLANTA DE GAS

Por Eliseo Zaera Ríos

O asunto da PLANTA DE GAS, ben analizado, tan aspectos moi escuros, algúns ata dramáticos, e dende logo, todo un exemplo de mala xestión, dubidosas actuacións de responsables oficiais, afirmacións contundentes que pasado o tempo comprometido se desmoronan e ninguén explica, aclara ou pide desculpas.... En fin, unha relación cronolóxica de declaracións e feitos... pode servir para unha análise dunha historia que empeza a resultar, canto menos "cabreante"....

01/02/03 O Concello de Mugardos finaliza os trámites de cualificación dos terreos onde queren situar a Planta de Gas. Na votación do Pleno, o BNG abstívose e EU-IU votou en contra.

02/02/03 REGANOSA adxudica a TRACTEBEL as obras da Planta de Gas. (O goberno central concedeu o pasado 3 de xuño e autorización previa). O promotor e a propia Xunta de Galicia manifestan que contan que comencen os traballos en cota cero en poucas semanas e que entre en funcionamento no primeiro semestre de 2005.

13/02/03 REGANOSA remata o Proxecto da Obra Civil en Punta Promontoiro. Xa poden solicitar ó Concello a licencia para os traballos a cota cero. (¿¿).

21/02/03 O Presidente de ENDESA insiste na súa aposta por REGANOSA e desexa sexa construída o máis axiña posible.

28/02/03 A Dirección Xeral de Patrimonio protexe o xacemento romano de Santa Icía, preto dos terreos nos que se quere instalar a PLANTA DE GAS, informando desfavorablemente a pretensión do Concello de ampliar a zona industrial.
O Alcalde de Mugardos di que REGANOSA conta con tódalas autorizacións e que a finais de MARZO presentará no Concello a solicitude para as obras de cota cero.

02/04/03 O Conselleiro de Industria e Innovación da Xunta asegurou que a PLANTA DE GAS de Mugardos estará operativa a finais de 2005 ou principios de 2006.

03/05/03 Sábese que tra-los informes presentados polo Comité Cidadán de Emerxencia, a COMISIÓN EUROPEA comunicou ó GOBERNO ESPAÑOL a apertura dun procedemento de infracción por non haberlles enviado suficiente información sobre seguridade e efectos ambientais (Declaración de impacto) da Planta de Gas. A Xunta e o Goberno traballan para responder as preguntas da Comisión. Esta tamén advirte que si a información que solicitan non se axusta á normativa iniciarían un procedemento xudicial diante do Tribunal de Luxemburgo.

18/05/03 A empresa belga que ten adxudicadas as obras da Planta de Gas ten previsto inicialas nas próximas semanas.

29/05/03 O Conselleiro de Industria insiste no Parlamento que o Proxecto de REGANOSA dará resposta ás necesidades de gas de Galicia, ciclos combinados e demais industrias galegas.

05/06/03 A Comisión de Urbanismo do Concello de Mugardos, despois de analizala documentación presentada por REGANOSA, e a instancia do BNG, decidiu pospoñer a decisión de concede-la licencia de obras, por falta de informes técnicos. TRACTEBEL adxudicou as obras a NECSO.

10/06/03 Tra-las eleccións de maio REGANOSA terá que esperar á constitución do novo goberno municipal para obter a licencia de obras.

14/06/03 3ª ampliación do capital social de REGANOSA que quedou situado en 34,4 millóns. Este acordo do Consello de Administración obedece á proximidade do comenzo das obras. Esperan que a Administración Central resolva en 2/3 meses o Proxecto constructivo. O prazo de execución ten un máximo de 40 meses.

02/07/03 REGANOSA abre concurso para a construcción da súa rede de gaseoductos por un custe de 34 millóns de euros.

28/07/03 531 días de atraso acumula a Planta de REGANOSA en Mugardos. A declaración de impacto ambiental da Planta de ciclos combinados de SABÓN está en compás de espera dende hai máis dun ano. A imprescindible da Planta de Gas de Mugardos aínda non está iniciada.

30/07/03 División na coalición de Goberno do Concello de Ferrol pola ubicación da Planta de Gas. O PP sostén, sen apoio argumental, a ubicación en Mugardos e IF defende, coma sempre, con argumentos sólidos, o seu emprazamento no exterior da Ría.

02/08/03 Asociacións de Empresarios alertan sobre o perigo do atraso na Planta de Gas. Piden celeridade na súa construcción aínda que recoñecen que non é a mellor localización. Tamén amosan a súa sorpresa polos atrasos e non entenden as razóns.

03/08/03 Alarmas e temores diante dos atrasos da Planta de Gas de REGANOSA, pero asombra a falla de explicacións ou razóns convincentes.

"*Si non somos sensatos haberá outro revés histórico...* " ¿Quen ten que ser sensato...?

Búscase os culpables nas "protestas políticas"... ¿por qué non se abordan de fronte as causas do atraso?

25/09/03 ENDESA releva a Tojeiro na Presidencia Executiva de REGANOSA.
Algo pasa, mais non se explica.

28/09/03 NECSO construirá en breve a fábrica de formigón para a Planta de Gas. Está a espera da preceptiva licencia municipal.

09/10/03 O atraso da Planta de Gas ameaza o futuro enerxético de Galicia. REGANOSA presentou en xuño o Proxecto no Ministerio de Economía, de momento so hai unha autorización previa que non supón a posibilidade de inicia-las obras.

10/10/03 O atraso é de 7 a 15 meses para os ciclos combinados que dependen do subministro de gas. Si antes de fin de ano non se resolve a autorización da Planta de Gas do Noroeste, ENDESA e FENOSA farán un repranteo das súas instalacións enerxéticas.

16/10/03 ENDESA e FENOSA trasladarán as súas Plantas de Ciclos combinados si fracasa a instalación de Gas de REGANOSA.

17/10/03 FRAGA garantiza a construcción da Planta de Gas de REGANOSA na RÍA DE FERROL ¿??? Asegura que as xestións diante de Bruxelas e Madrid están a punto de dar resultados positivos...

21/10/03 O BNG de Ferrol insta a construír a Planta de Gas do Noroeste, sen pronunciarse pola súa ubicación.

23/10/03 PP, BNG e PSOE coinciden en apoiar a Planta de Gas do Noroeste, urxindo á Xunta a acelerar a súa tramitación, sen incidir na súa ubicación.

24/10/03 O Presidente Fraga asegura que o Ministerio de Economía autorizará en semanas a Planta de Gas de Mugardos.

25/10/03 As Asociacións de Empresarios piden o Concello de Ferrol que retire o seu recurso contra a ubicación da Planta de REGANOSA.

26/10/03 O Portavoz do BNG no Congreso, Francisco Rodríguez presentou iniciativas esixindo ó Goberno aclaración sobre cales son os impedimentos para a construcción da Planta de Gas.

28/10/03 O Ministerio de Economía pedirá máis información antes de dar a autorización definitiva para a Planta de Gas. Neste momento nin a Xunta de Galicia nin a Autoridade Portuaria recibiron solicitude oficial para o Proxecto.

29/10/03 Ferrol Metrópoli expresa o seu apoio á Planta de Gas en Mugardos.

31/10/03 A C.I.G. reclama total apoio á Planta de Gas en Mugardos e aduce que o debate sobre a súa ubicación xa rematou.

11/12/03 O Comité Cidadán de Emerxencia saúda a visita do Rei e pídelle que se interese por REGANOSA.

13/12/03 FRAGA anuncia ó Alcalde de Mugardos a inminente licencia para comenzar a Planta de Gas.

14/12/03 O Presidente de Empresarios de Ares e Mugardos acusa ós que se opoñen á ubicación da Planta de Gas en Mugardos de tratar de confundir á opinión pública...


20/12/03 O Alcalde de Mugardos anuncia que a licencia para a Planta de Gas é cuestión de días e que REGANOSA disporá dun plan de emerxencia na próxima primavera.

28/12/03 Todo segue nas mesmas, e nos rematamos decindo:

¡NON PODERÁ HABER PLANTA DE GAS EN PROMONTOIRO¡

E ademais: os promotores aínda están a tempo de conseguir a súa instalación no Porto Exterior,... ¡ PARA BEN DE TODOS!

31/12/03 Xa coa revista Atenea 14 na imprenta, a prensa destaca a estrañeza do BNG pola resposta do Goberno á pregunta formulada polo deputado Francisco Rodríguez. Sostén que o Goberno non se aclara, pero el tampouco, pois cunha sinxela análise da resposta do Goberno pode deducirse que os informes recibidos das partes implicadas da administración non casan coas advertencias dadas pola Comisión Europea á que tamén ten que contestar, e polo tanto está a busca de explicación e argumentos que o resplanden para poder dar a autorización definitiva, argumentos imposibles si queren manter a ubicación en Promontoiro. Si cambian para o Porto Exterior, casarían tódalas condicións. A ver...............!..



O TEATRO EN FERROL: DE ONTE A HOXE

Por M. Eva Ocampo Vigo

> «...houbo épocas en que coexistiron ata tres grupos funcionando ó mesmo tempo».

Dende sempre houbo na nosa cidade un grande interese e unha notable afección polas artes escénicas en xeral e, en particular, polo teatro.

Antes da existencia de locais teatrais, como os entendemos actualmente, as primeiras representacións, das que temos noticia, levábanse a cabo en escenarios públicos –prazas e rúas– ou privados, como o interior das igrexas de onde pasaron, posteriormente, ó atrio das mesmas.

Foron as manifestacións relixiosas, sobre todo do *Nadal* e o *Corpus Christi*, as que comenzaron a fomentar o gusto polas representacións escénicas.

Segundo Pérez Constanti, as actuacións ó aire libre facíanse, sobre todo a partir do século XVII, como entretemento das festas patronais e na celebración de romarías.

No século XVIII o interese polas representacións era tan grande que, cando non había xente suficiente para cubrir todos os papeis dunha obra, os veciños estaban obrigados a realizalos, baixo pena de multa. Así queda constatado nun documento das Constitucións da Compañía de San Roque de Pontedeume, aprobadas en 1824 polas autoridades eclesiásticas:

> [...] calquera cofrade e veciño da vila que tivese fillo, familiar ou criado capaz para representar comedias, teña obrigación de recibir o papel que se lle repartirá [...] coa obrigación de vestilo e adornalo con todo o necesario, conforme ó personaxe que se lle encargara, baixo pena de dous ducados.

Máis facilidades tiñan os nobres –os Andrade de Pontedeume– que contrataban a compañías para que representaran no seu palacio e, como podían pagalas, foron introducindo melloras na escenografía, como luces e efectos de fume, lume, son, etc.

En 1769 existía na cidade de Ferrol un teatro de ópera, cando eran moi poucas as capitais españolas que dispoñían deles. O teatro Settaro, como era coñecido, leva o apelido dun mestre de ópera italiano, Nicolás Settaro, que foi o que o creou na nosa cidade. Así empezaron os ferroláns do século XVIII a coñecer e gozar das óperas e operetas, comedias, traxedias e dramas que triunfaban en Madrid, tanto como doutras representacións escénicas: cancións, bailes, pantomimas, figuracións, etc.

A mediados do século XIX os ferroláns gozaban, xa con asiduidade, de espectáculos teatrais, como proba un documento depositado no Arquivo Municipal, no que se lee:


> No ano 1864 existían (en Ferrol) dous teatros entre os que sumaban 700 localidades. O número de funcións representadas durante ese ano foi de 60, distribuídas en: 22 dramáticas, 11 óperas e 27 zarzuelas.



Programa de mano do grupo Teatro Tagallo de Fene



Grupo Bartoleta Teatro en la obra "Los Cuernos de Don Friolera"



Se contabilizamos todos os teatros estables que tivo Ferrol dende o primeiro, o teatro Settaro, podemos contar sete:

1. Teatro Settaro (1769-1807)
2. Teatro Principal (1817-1886)
3. Teatro Filarmónico (anterior a 1861- posterior a 1870)
4. Teatro Circo (1879-1889)
5. Teatro Romea ou Circo Ferrolano (1886- 1915)
6. Teatro Xofre (1892 - actualmente en rehabilitación)
7. Teatro Renacimiento (1919-1989)

Se ben é verdade que, cos anos, uns foron pechando e inaugurándose outros –houbo épocas en que coexistiron ata tres, funcionando ó mesmo tempo– constatamos que en canto a actividade teatral, en Ferrol, calquera tempo pasado foi mellor.

Dando un salto considerable no tempo observamos que, a pesar do noso actual panorama, cun só teatro na cidade e inutilizado por estar rehabilitándose desde hai anos, non sería xusto deixar de mencionar, por un lado, o interese municipal por traer á cidade compañías galegas e nacionais no que se coñece como "Os xoves teatrais", que congregaron a grande número de público de todas as idades; por outro lado, o traballo encomiable dos grupos de teatro afeccionado que existen na nosa cidade, que coas súas representacións veñen a cubrir ese vacío ó que nos vemos sometidos.



Programa de mano de "Os Xoves Teatrais"

En honra a estas compañías temos que destacar, como máis activas: *Max Teatro, N+1* e *Bartoleta Teatro,* dirixidas por Luis Ramos, Fusa Guillén e Helga Méndez, respectivamente.

O grupo *Bartoleta Teatro*, cun elenco moi compenetrado e forte, *vis* cómica, para as situacións humorísticas, acaba de representar en Ferrol a adaptación da obra de José Luis Alonso de Santos, *Viva o duque noso amo,* que co seu argumento nos fai entender mellor o teatro feito para representar nos palacios coa finalidade de loubar ó señor: o nobre que o vai pagar con diñeiro, comida e posada.

Esta obra é recomendable, non só pola excelente posta en escena –magnífico é, ademais, o saúdo final dos actores, de grande beleza plástica– senón tamén polo grande valor didáctico que aporta a obra en si e que nos axuda a coñecer mellor o teatro de épocas pretéritas.

Esperemos –os ferroláns estamos acostumados a esperar– que coa reapertura do teatro Xofre a cidade poda ser igual a outras capitais galegas a onde chegan, puntualmente, as novidades teatrais que triunfan no resto de España.

En definitiva, unha cidade non o é totalmete mentres non teña un bo teatro que sexa reflexo da súa categoría. ꝏ

«Unha cidade non o é totalmente mentres non teña un bo teatro que sexa reflexo da súa categoría».



EXPOSICIÓNS

XANEIRO

Do 19 de decembro ó 13 de xaneiro

Pinturas de

MIGUEL PIÑEIRO

Do 16 de xaneiro ó 28 de xaneiro

Pinturas de

FRANCISCO OTI RIOS

FEBREIRO

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA

«FEÍSMO URBANO»

EXPOSICIÓN HOMENAXE A UN PINTOR FERROLÁN no CENTRO CULTURAL «TORRENTE BALLESTER»

Este ano adicado a

CARLOS MERINO

MARZO

Do 27 de febreiro ó 10 de marzo

Pinturas de

CARMEN SERRA GARCÍA

Do 12 ó 24 de marzo

DÍA DA CLASE TRABALLADORA

CONFERENCIA

XANEIRO (a concretar data).

«O ESTADO DA RÍA DE FERROL DESPOIS DO PRESTIGE»

por IRENE DELGADO FERNÁNDEZ.

Licenciada con Grado en Ciencias del Mar. Máster en Australia con Andrew Short (Máxima Autoridade en Praias do mundo). Catedrático en Mérito pola Universidade de Sidney.

RADIO FILISPIM

***Xuntanza* o 13 de XANEIRO**

ás 19 horas

no Salon de Actos



"O SONRISO DE DIOS, SOBRE O HOMUS GILIPUERTA"






MOBING

FEBREIRO

Días 12, 13 e 14 de Febreiro ás 19,30

no Salón de Actos.

XORNADAS SOBRE MOBING (Acoso no Traballo)





CLUB DE LECTURA

Tódolos primeiros Martes de cada mes

Encontros coa LECTURA,
baixo a coordinación de

ÁNXELES SEOANE

Xúntanse 20 socios e socias tódolos primeiros martes de cada mes para reflexionar e comentar un libro.

OUTRAS ACTIVIDADES

30 de XANEIRO

Día Internacional da NON VIOLENCIA e a PAZ

8 de MARZO

Día da MULLER TRABALLADORA

10 de MARZO

Día da CLASE OBREIRA

17 de MARZO


Día INTERNACIONAL do MAR

21 de MARZO


Día INTERNACIONAL CONTRA A DISCRIMINACIÓN RACIAL

27 de MARZO

Día do TEATRO



I CONCURSO FOTOGRAFICO
OBJETIVO URBANO



Con este concurso fotográfico queremos rendir merecido homenaje al constructor anónimo que tanto ha hecho por levantar la economía de nuestro país.

Incansables trabajadores que con el sudor de su frente, con tesón, bravura y la inestimable ayuda de una administración publica comprensiva y tolerante han conseguido transformar ese paisaje urbano uniforme y monótono de galerías de madera y tejados a dos aguas en un crisol de formas geométricas, texturas y colores que son el fiel reflejo del inexorable avance de nuestra cultura.

Experimentados artesanos que en otro tiempo, no tan lejano, solo disponían de pobres y arcaicos materiales como la madera y la piedra para expresar el dominio de su oficio, ahora muestran con orgullo al mundo su maestría en el manejo de los materiales y técnicas constructivas más modernas.

Ahí están para deleite de todos esas majestuosas fachadas revestidas de "gresite", con sus amplios ventanales panorámicos de aluminio; esas medianeras elegantemente rematadas en placas de fibrocemento ondulado, representación en alzado de las olas del mar que baña nuestro castigado litoral; esos muros de bloque de cemento caravista levantados uno a uno con maestría formando el marco ideal para esas pequeñas fincas de recreo con sus casitas modelo "findesemana", tan pintorescas, tan emblematicas que salpican nuestros valles y montañas para asombro y envidia de todos los que nos visitan.

Gracias a todos ellos nuestras ciudades y aldeas ya no son lo que fueron, y por eso queremos dejar plasmado a través de vuestras imágenes fotográficas toda esta riqueza arquitectónica para disfrute de futuras generaciones, por que el mundo avanza una barbaridad, y quien sabe lo que harán los que vienen detrás....

INFORMACION: ASOCIACION ARQUINATURA TEL: 667 560 267
e-mail: arquinatura@telepolis.com

BASES DO I CERTAME FOTOGRÁFICO OBXECTIVO URBANO

A Asociación ARQUINATURA, organiza en colaboración coa Sociedade Galega de Historia Natural e o Ateneo Ferrolán un concurso fotográfico para todos os públicos co fin de informar e documentar acerca dun problema que nos afecta a todos O FEISMO URBANO.

Tema: *Relacionado co feismo urbano en todos os seus aspectos.*

Participantes: *Aberto a todas as persoas afeccionadas ou profesionais da fotografia.*

Obras: *Cada participante poderá enviar un máximo de tres fotografias.*

Tamaño: *máximo de 30x40cm. e mínimo de 18x24cm. As fotografías deberán presentarse montadas sobre unha cartolina con dous tamaños únicos de 30x40 ou 40x50cm.*

Plicas: *Os participantes indicarán o seudónimo de autor e o titulo no reverso da cartolina na que se montará cada foto. Dentro dun sobre pechado marcado co seudónimo figurarán os seus datos persoais: Nome apelidos, enderezo, teléfono e o seudónimo utilizado.*

Envíos: *As fotografías se enviarán ó seguinte enderezo:*

ATENEO FERROLÁN
Rúa Magdalena 202, 1º
15402 FERROL

Prazo: *O prazo de admisión finaliza o 10 de Febreiro de 2004.*

Xurado: *O xurado estará formado por tres persoas cualificadas en urbanismo, arquitectura, fotografía e medio ambiente.*
A secretaria recaerá nun representante do Ateneo.
A decisión do xurado será inapelable e se dará a coñecer o 20 de Febreiro coincidindo co acto de inauguración da exposición.
As fotos premiadas quedaran en propiedade de Arquinatura.

Premios:

1º Un fin de semana para dúas persoas nunha casa de turismo rural a pensión completa.


2º Unha cámara dixital.

Se as obras presentadas no alcanzasen a calidade necesaria o premio poderá ser declarado deserto.

Entrega: *O día da inauguración da exposición (20 de febreiro)*

Devolucións: *Soamente se devolverán aquelas obras recollidas persoalmente no Ateneo, establecendo un prazo de trinta días a partir da clausura da exposición. Transcorrido este tempo se entenderá que os autores renuncian a calquera dereito sobre as fotos presentadas.*

Observacións: *A participación no concurso implica a total aceptación das bases. Os casos non contemplados por estas bases serán resoltos polo xurado.*



UN MUSEO MUNICIPAL DE PINTURA E UN MUSEO DA CIDADE. XUNTOS PERO NON REVOLTOS

El fablar es clareza,
el callar, escureza;
el fablar es franqueza
e el callar, escaseza

Rabí Sem Tob
(Século XIV)

Por Juan J. Burgoa Fernández

A orixe e o desenvolvemento dos museos, como no caso das bibliotecas e arquivos, pódese entender como a expresión da evolución da cultura ao longo da historia. Aínda que os pobos da Antigüidade clásica (exipcios, gregos ou romanos) dispoñían de lugares onde gardaban os seus tesouros e obxectos artísticos, moitas veces producto dos saqueos bélicos, na realidade os primeiros museos foron propiedade da Igrexa e das Monarquías, institucións nas que radicou o poder e a riqueza dende o Medievo.

Co Renacemento apareceron as primeiras coleccións privadas nas mans da nobreza, seguindo unha similar tendencia a emerxente burguesía ilustrada das épocas posteriores, ata chegar ao nacemento dos museos públicos. A meirande parte dos primeiros museos creáronse a principios do século XIX, baixo as ideas igualitarias derivadas da Revolución Francesa, cun dobre obxecto: servir de lugar de custodia do chamado Patrimonio Histórico-Artístico e difundir as obras de arte, en especial de pintura, dentro da incipiente función de tutela cultural exercida polo Estado.

Entrado o século XX empézanse a crear os museos dedicados de xeito exclusivo á Arte Contemporánea, dada a pouca comprensión e incluso o rexeitamento dunha parte significativa da sociedade cara á arte de vangarda en xeral e á arte conceptual en particular. Máis tarde, os museos de maior entidade evolucionaron coa incorporación da arte actual aos seus fondos, de xeito tal que os museos dedicados de forma específica ás novas correntes da arte tenderon a desaparecer.

«...córrese o risco de converter os museos nuns parques temáticos ao uso máis que en verdadeiros centros difusores da arte e da cultura».


De xeito paralelo, na concepción máis ampla e integradora que hoxe se ten do Patrimonio Cultural, creáronse novos museos especializados, ou os xa existentes incorporaron outras manifestacións artísticas como a escultura e o gravado, ao tempo que se formaban museos específicos de etnografía e costumes populares, arqueoloxía, temas militares e navais, ciencia e tecnoloxía ou natureza, así como os dedicados a certos estilos artísticos, a determinadas épocas históricas ou a acoller fundacións e coleccións persoais de interese.

Hoxe en día obsérvase a tendencia de converter os museos en lugares onde, ás veces, semella máis importante o deseño do edificio continente que a calidade do contido, que se usan máis como salas de exposicións temporais que para amosar coleccións consolidadas, ou que se empregan como plataformas didácticas virtuais, ofrecendo uns servicios e unhas actividades complementarias que, en ocasións, empecen ou agachan o seu obxectivo principal. Deste xeito, córrese o risco de converter os museos nuns parques temáticos ao uso máis que en verdadeiros centros difusores da arte e da cultura.

Posiblemente haxa que deixar atrás os anteriores criterios exclusivamente historicistas para a concepción dos novos museos, pero tamén se debe esquecer unha imaxe de lucimento político ou unha función puramente mercantilista destes edificios públicos, pescudando un modelo aberto de centro artístico que, sen deixar de pór en valor os bens patrimoniais da cidade, forneza de coñecementos aos seus visitantes e que lles permita achegar as súas iniciativas culturais.



Centro Cultural Torrente Ballester



Neste intre Ferrol dispón do **Centro Cultural Municipal Torrente Ballester** que, dentro do axeitado traballo de consolidación das infraestructuras culturais levado a cabo polo anterior Concelleiro de Cultura, trala remodelación acometida permitirá a convivencia, esperemos que de xeito harmonioso, de dous diferentes espacios e ambientes: o antigo, que conserva a estructura dezaoitesca do edificio hospitalario, con algún innobre engadido, e o novo, que gracias ao uso de novas concepcións constructivas e ao emprego de materiais modernos, incrementou de xeito apreciable o espacio útil.

Agora preténdese que o Centro Cultural acubille unha colección, recompilada e catalogada tempo atrás por diferentes persoas e tristemente demorada, tanto pola atonía e desidia municipal como pola carencia dun obxectivo claro, constituída por algúns centos de obras de pintura de desigual valor, unha sobrevalorada colección de gravados e un número menor de esculturas, todo isto acrecentado por unhas poucas adquisicións e doacións ultimamente xestionadas. Este conxunto formará parte do que se viña a denominar **Museo de Arte Contemporáneo**, aínda que posiblemente o nome máis axeitado, de xeito liso e chá, sería o de **Museo Municipal**, máis na liña que semella seguir hoxe o Concello.

Convén facer algún pequeno comentario en canto a pintura ferrolá. Vense discutindo a existencia dunha específica e diferenciada escola de pintura nunha cidade de abondosa nómina de pintores. De xeito académico, unha escola constitúena un grupo de artistas que traballan de acordo a unhas normas semellantes, presentando a súa obra uns trazos comúns, ou xa de xeito máis concreto, unha escola intégrana un conxunto de pintores que seguen no seu traballo ao que consideran o seu mestre.


Non semella que ningún destes casos se poda aplicar estrictamente aos pintores ferroláns. É certo que na nosa cidade, e na bisbarra circundante, xeráronse un bo número de meritorios artistas, cunha obra pictórica de interese, de técnica variada, cunha tendencia artística de carácter autóctono, cun escaso tratamento e un inxustificable esquecemento da temática urbana e cunha especial atención, manida e reiterada dabondo, ao paisaxismo comarcal.

Con referencia ao nome adxudicado ao devandito Museo, o do notable pintor mugardés Bello Piñeiro, froito dun acordo municipal de fai bastantes anos, é discutido, non existe unanimidade verbo do mesmo e non semella unha referencia coñecida fóra de Ferrolterra. Tocante ao seu contido, non se debe esquecer o feito evidente de que a meirande parte da obra de recoñecidos pintores ferroláns (Pérez Villaamil, Álvarez de Sotomayor, Máximo Ramos, ou o propio Bello Piñeiro) se pode ver en museos de fóra de Ferrol, como o Provincial de Belas Artes da Coruña, e tendo ademais en conta que a mellor colección de pintura da cidade se atopa na Pinacoteca do antigo Hospital de Caridade.

En canto á denominación e, sobre todo, á vocación de chamarse Museo da Arte Contemporánea, semella certa pretensión, máxime tendo en conta a existencia en Santiago do Centro Galego de Arte Contemporánea, cunha notable colección de artistas galegos, e que anularía ou, polo menos, quitaría relevancia ao proxecto ferrolán. Do mesmo xeito, en Sada e A Coruña están os Museos Carlos Maside e Unión Fenosa, con importantes fondos de pintura actual. Semella claro que esta vertente artística está cuberta con tres museos consolidados na provincia, sen contar cos situados noutras cidades galegas.


Volvendo ao Centro Cultural Municipal (que no seu día debeu levar o nome de Fernando VI ou Carlos III), vense propoñendo que os espacios ultimamente remodelados sexan un lugar para exposicións temporais que podan constituír unha importante referencia para o visitante. Está ben que este propósito se cumpra, pero ademais de dar a coñecer cun criterio, sempre serio e rigoroso, as novas tendencias e correntes das artes plásticas, as salas do Centro Cultural teñen que servir tamén como lugar de exposición para os artistas locais e comarcais.

Hoxe en día numerosos pintores ferroláns, de variada técni-



Edificio das Herrerías

«Unha escola intégrana un conxunto de pintores que seguen no seu traballo ao que consideran o seu mestre».




«Nada mellor para Ferrol que pescudar os seus verdadeiros sinais de identidade que poidan distinguila entre as demais cidades do seu contorno. Na Ilustración está esa pegada histórica propia».

ca e diferente temática, non atopan un lugar axeitado para expor a súa obra nunha cidade que fachendea dunha intensa vida cultural, salvando os tímidos e descontinuos intentos do Casino Ferrolán, a Galería Sargadelos, a Autoridade Portuaria ou o Ateneo Ferrolán. Por outra banda, a nova Universidade, pretendido factor dinamizador da cultura ferrolán, carece dunha sala de exposicións nas súas instalacións.

Mentres tanto, e ata agora, a Fundación Caixa Galicia, en evidente agravio comparativo con cidades de menor entidade que a nosa, desde fai anos non ten unha sala de exposicións en Ferrol, aínda que esperamos que o faga na sede da Fundación que está a preparar no antigo e baleiro **Goberno Militar**. Outras entidades bancarias, comerciais e industriais radicadas na cidade, a penas apoian iniciativas neste senso. Por mor disto, deberíase ter dedicado a sala de exposicións a desaproveitada "Casita de la Pradera", sita no Cantón de Molíns.

Hoxe búscanse cidades innovadoras, que chamen a atención e atraian ao visitante, mais mantendo a súa propia identidade. Nada mellor para Ferrol que pescudar os seus verdadeiros sinais de identidade que poidan distinguila entre as demais cidades do seu contorno. Na Ilustración, que marcou material e culturalmente á nosa urbe, está esa pegada histórica propia, e como tal débese dar a coñecer e potenciala. Afortunadamente, gracias a iniciativas xurdidas no seo da sociedade civil, empézase a valorar e vai tomando corpo o **Ferrol da Ilustración**, formada pola cidade, o Arsenal e as fortificacións defensivas, tríade que co tempo debe ter reflexo nos correspondentes museos.

Parece lóxico pensar que o primeiro que precisa a nosa urbe é un **Museo da Cidade**. Ferrol



Castelo de San Felipe


podería mirarse no espello exemplar que representa, entre outros, o Museo de As Mariñas de Betanzos e facer unha seria reflexión verbo da clase de Museo que necesita unha cidade practicamente nacida coa Ilustración e modelada por ela, pero que tivo tamén un innegable pasado medieval e que, entre outras influencias posteriores, recibiu unha forte pegada do Modernismo.


O Museo da Cidade debería cumprir a función principal de ser un Centro de Documentación e Interpretación da época da Ilustración, dotado dos correspondentes fondos documentais e cartográficos, publicacións e maquetas, incluso de obxectos de interese histórico, sen esquecer tanto o correspondente Patrimonio Etnográfico (Usos e Costumes) como a importante pegada da Arte Modernista. Este Museo deberíase integrar funcionalmente no Centro Cultural, mais dada a evidente carencia de espacio para isto, habería que pensar nalgún edificio de época dentro do barrio histórico de A Magdalena. Unha parte do edificio dezaoitesco de **Capitanía Xeral**, chegándose a algún acordo sobre o particular coa Armada, podería ser o xermolo deste Museo.

Deste xeito, seguirase a intelixente tendencia, hoxe seguida por moitas cidades, de integrar diferentes museos nos seus centros históricos, acadando a dinamización cultural e a apertura ao turismo dos mesmos. Todo isto deberíase facer dentro dunha necesaria política global de pór en valor a privilexiada situación do, ata agora, descoidado barrio da Magdalena mediante unha xestión que, ademais da indispensa-



Capitanía Xeral





ble rehabilitación urbanística, a revitalización poboacional e a dinamización do comercio, debe incidir no aumento da oferta cultural, de servicios e de ocio.

O devandito Museo, reflexo da cidade ilustrada, veríase acompañado co nomeado como **Museo da Construcción Naval** (xa veremos se funcionalmente independente, complementado ou integrado no histórico **Museo Naval**) que se vai a instalar no edificio das Ferrerías, hoxe en remodelación. É de esperar que este proxecto sexa o referente histórico do patrimonio material e sindical deixado polos Arsenais e Estaleiros ferroláns, e que tamén sexa a testemuña da memoria histórica dunha cultura específica do traballo na nosa ría. Aínda máis, habería que pensar na recuperación dun interesante e específico Patrimonio Industrial, derivado das moitas empresas desaparecidas que tamén deixaron unha pegada material, sindical e histórica na nosa urbe. Estamos a falar da PYSBE, Peninsular Maderera, Fábrica de Lápices Hispania, FENYA e outras máis, que aínda hoxe están na memoria dos ferroláns. Inclusive algunhas doutro lado da RÍA como ASTANO, PEBSA, INAGI, IMENOSA, ...etc..

O terceiro dos museos de Ferrol debería ser o **Museo de Arquitectura Militar,** a instalar no Castelo de San Felipe, e que, xunto co xa previsto Centro de Interpretación situado fóra do recinto castelán, serviría para coordinar a visita e o coñecemento do resto das construccións defensivas da Ría de Ferrol, á vez que podería constituír a referencia da fortificación de Ferrol no século XVIII e incluso das fortalezas costeiras da Galicia da época. Con isto contribuiríase a unha seria e verdadeira utilización cultural do devandito Castelo, acabando coas descabeladas acampadas e outras andrómenas.


Así, ademais do **Museo Municipal**, os tres devanditos museos, **da Cidade, da Construcción Naval** e **da Arquitectura Militar**, cubrirían de xeito completo o ámbito material (cidade, Arsenal e castelos defensivos) da Ilustración en Ferrol, servindo tamén para apoiar seriamente a petición de Patrimonio Mundial, na que debe traballar dunha maneira decidida o Concello de Ferrol, así como seren o alicerce dun traballo de promoción do concepto de **Ferrol da Ilustración** como sinal de identidade da cidade, tarefa que xa veñen impulsando tanto a Fundación Ferrol Metrópoli como outras entidades e asociacións culturais da nosa urbe.

É evidente que todo este conxunto de infraestructuras e dotacións culturais, aos que cumpre engadir o **Teatro Jofre** e o futuro **Auditorio Municipal** (máis ben curto de capacidade), deben encherse de contido. Non debe esquecerse que a todo isto hai que engadir as instalacións do Ateneo Ferrolán, a Galería Sargadelos, o Liceo Rubia Barcia, o Centro Carballo Calero e a futura sede do Coro Toxos e Froles, ademais das actividades desenvolvidas pola Cátedra Jorge Juan, Club de Prensa ou Fundación Ferrol Metrópoli, entre outras, incluídas certas asociacións culturais sen teito coñecido. Por todo isto, é urxente e imprescindible a creación dunha seria e operativa **Fundación ou Padroado da Cultura**, presidido polo Concello, aínda que independente das alternancias políticas, que marque as liñas de actuación nos espacios municipais e coordine a programación dos diferentes actos culturais na cidade co resto de institucións e sociedades.

Xa para rematar, unhas breves preguntas ás que, como sempre, ninguén dará cumprida resposta. ¿Para cando a rehabilitación do interesante e desleixado Museo da entusiasta Sociedade Galega de Historia Natural? ¿Quen pode dar razón do que pasa cos fondos materiais e arquivísticos do trasladado Rexemento de Artillería Antiaérea, que ían permanecer no Baluarte do Infante en Ferrol? ¿Por onde andará hoxe o itinerante Museo de obxectos procedentes do Teatro Jofre? ¿Quen pode informar do contido documental e do legado material existente na casa natal dos irmáns Franco Bahamonde? ¿En que condicións, de conservación material e de dispoñibilidade de consulta, se atopan os notables fondos da Biblioteca Fontenla Leal e da Hemeroteca Martínez Quelle, pertencentes ao Real Coro Toxos e Froles?

Tamén pode quedar para outro día "fablar con clareza e franqueza" do estado de indisposición crónica das Bibliotecas Municipais e da política de axudas económicas e institucionais seguida polo noso Concello cara ás Asociacións Culturais e asimiladas, calificable, polo menos ata o de agora, de errabunda e amiguista.

«Pode quedar para outro día "fablar con clareza e franqueza" do estado de indisposición crónica das Bibliotecas Municipais e da política de axudas económicas e institucionais seguida polo noso Concello cara ás Asociacións Culturais».



O REPUBLICANISMO NA CORUÑA

Por Antonio Masdías Quintela

En 1865 a maioría dos case que 25.000 habitantes do termo coruñés concentrábanse no intramuros, onde os límites das murallas Pescadería situada na actual *Juana de Vega* definían con claridade a oposición entre a cidade e o campo, dentro dunha concepción medieval do organismo urbano.

Dende 1868 ata 1936 o republicanismo coruñés foi unha das súas siñas de identidade sociopolítica. Os republicanos crearon unha cultura republicana que impregnou os valores da cidade, unha cultura que por ser republicana foi sempre democrática, moderna, vangardista e laica.

Este republicanismo ten unha historia previa a 1868. Logo chegaron os tempos da plenitude dende 1868 a 1886 no que o republicanismo coruñés foi capaz de dirixir ó galego.

Dúas semanas despois da súa constitución como órgano supremo de Goberno local, a Xunta de Goberno da Coruña aprobou o 14 de outubro de 1868 a creación do *Cuerpo de Voluntarios de la libertad*, unha forza armada dependente exclusivamente da autoridade municipal e integrada por cidadáns alistados de forma voluntaria.

Durante a Restauración a lei municipal vixente determinaba que os alcaldes das capitais de provincia eran designados polo Rei entre os concelleiros elixidos. Isto provocou que o alcalde da Coruña sempre estivera en minoría neste municipio controlado maioritariamente polos republicanos.

A situación mantívose así ata o final da Restauración onde se permitía que o alcalde fora elixido pola corporación e isto explica que republicanos como Casares Paz, Abad Conde, etc., fosen alcaldes da cidade.

O exército foi o instrumento máis eficaz para a penetración do liberalismo en España, é dicir para que a liberdade, o progreso e os inicios da democracia se instalaran neste país.

A flor e nata do liberalismo militar e civil tivo que exiliarse en 1823 (Rojo del Cañizal, Pedro de Llano, Espoz y Mina, Juan Antonio Vega, Quiroga, Ramos, etc.) e comprenderon a inviabilidade dun cambio de réxime baixo a monarquía de Fernando VII, optando decididamente a favor da república.

A inesperada amnistía, proclamada pola Raíña María Cristina o 16 de outubro de 1832 desarticulou toda a conspiración no exilio e deixou ós republicanos á intemperie, volvendo os militares ós cuarteis, os comerciantes ós seus negocios e os políticos ás Cortes ou ós ministerios.

«Os republicanos crearon unha cultura republicana que impregnou os valores da cidade, unha cultura que por ser republicana foi sempre democrática, moderna, vangardista e laica».

Haberá que esperar a 1837 para que o republicanismo reinicie as súas actividades. É na década dos anos 40 do século XIX cando arredor de revistas como *El Huracán*, *La Revolución*, *El Pueblo Soberano*, *El Regenerador*, *El Guindilla*, *El Peninsular*, *El Republicano*, *El Papagayo* e outras, agrúpanse novos e vellos republicanos como o xeneral Pedro Méndez Vigo, Abdón Terradas, Cuello, o Conde de las Navas, Espronceda, Patricio Olavarría, Ordax Avecilla, Ayguals de Izco, Martínez Villergas, García Tejero, Víctor Pruneda, Eusebio Asquerino, Núñez de Arenas, ...etc.


En 1871 consolidouse a escisión. Sen embargo, os radicais españois non fixeron cuestión de principio da forma republicana.

Os republicanos foron silenciados por Cánovas en 1874 e, en 1881 Sagasta vólveos a resucitar polo que a partir desta data o republicanismo coruñés empeza a reorganizarse e en 1886 constitúese o Casino Republicano que se converteu nunha especie de ágora na que se discutían os temas cidadáns, pero tamén os temas máis candentes en España.

As loxias establecidas na Coruña eran: a loxia *Brigantina* (1877-1895, Moreno Barcia, Montero Telinge, Santiago Casares Paz...), loxia *Fraternidad VIII* (1877-1892, E. Carré Aldao, Marcelino Dafonte, Ubaldo Chicharro, Álvarez Romero, Avelino Barbeito...), a loxia *Progreso* (1890-1895, Moreno Barcia, Toribio Rodrígo Rodríguez e Manuel Fernández López), a loxia *Emancipación* (1894-1896), a loxia *Hijos del Trabajo* (1893-1894) e outras.

Así pois, a capital galega distinguíuse sempre pola súa exaltación republicana. A xente nova de entón, onde á cabeza despuntaban Martín Martínez, Casares Quiroga (Arturo), Cayetano Martínez Fadrique, Senra (Arturo) e Abad Conde, aínda co acatamento e a disciplina obrigada no local, manifestaban as naturais ansias de anudar os particularismos locais ó republicanismo nacional.

Cando Alejandro Lerroux obtivo en 1901 a representación en Cortes, a xuventude coruñesa tivo un portavoz en Abad Conde. Lerroux fixo unha viaxe á Coruña en 1904. Levaba un proxecto revolucionario de acordo con Estébanez e outros correlixionarios. Houbo unha comida en casa do enxeñeiro Solórzano, á que asistiron os seguintes señores: Rodríguez Martínez, Martínez Fontenla, Rey Calvo, o coronel Carril, o edil Mosquera, e de entre os mozos estaban Abad Conde, Martín Martínez, Fadrique, Martínez (Cayetano) e Villardefrancos.



Nesta visita Lerroux conseguiu deixar simpatías na Coruña así como a súa ideoloxía en Abad Conde, profesor do colexio Buden.

Non se pode escribir a historia do Partido Republicano Radical sen estudiar os antecedentes desta organización, que se atopan principalmente na mesma vida do seu xefe, Alejandro Lerroux.

Podemos dicir que o Partido Republicano Radical iníciase coa intervención de Lerroux na política española.

A partir deste momento, o elemento novo do republicanismo tomou tres direccións: unha con Casares Quiroga, seguiu a Salvatella na Conxunción; Martín Martínez, incorporouse co sector de Melquíades Álvarez e Abad Conde acaudillou ós lerrouxistas. Os vellos republicanos "romperon con Madrid", e á súa vez fragmentáronse.

A *Solidaridad Catalana* de 1906, co seu programa do Tívoli, resolveu a política española e repercutiu en Galicia. Na Coruña ingresaron en Solidaridad Gallega unha grande parte dos veteranos con Rodríguez Martínez e Casares Paz, e da mocidade, con Casares Quiroga e Martín Martínez, que recibiron a Salmerón en triunfo nos actos de Betanzos e A Coruña.

Fronte á Solidariedade Galega presentouse un bloque entón máis numeroso e forte, constituíndo, en canto á vida local, o Partido Republicano Autónomo, de existencia transitoria. Foi xefe dos autónomos o veterano avogado Martínez Fontenla, e formou parte do bloque o lerrouxismo coruñés, levando ó Comité na súa representación a Abad Conde, que se distinguía por unha intensa propaganda das ideas de Lerroux en *Mi evangelio*.

En 1907 naceu en Santander un semanario republicano titulado *El Hambre en Puerta*. Tivo unha existencia breve e foi substituído pola *Región Cántabra*, que durou ata o período central da guerra europea, xa convertido en diario. A columna daquel periódico foi o cobizo de todos os homes de ideais democráticos. Aquí está o manantial do Partido Republicano Radical español.

A tendencia revolucionaria adquire personalidade dende que intervén Lerroux na política ata a constitución do Partido Radical dentro dos partidos republicanos mesmos. Nestes elementos, homes prestixiosos e masas populares, ideais e programas, entidades e organismos de clases diversas, atopa Lerroux unha canteira inesgotable para construír o sólido e grandioso edificio da futura República.

Creado no acto de Santander, o 6 de xaneiro de 1908, o Partido Radical, abríronse listas de inscrición na Coruña; pero as persecucións sufridas polo xefe do nacente partido, que o levaron á emigración a Francia e América, paralizaron de momento as adhesións escritas, en atención ás intervencións policíacas.

Isto non foi inconveniente para que nas eleccións municipais de 2 de maio de 1909, os radicais obtiveran a victoria coa máxima votación para Abad Conde e a representación solidaria sufrira a derrota.



Cantón y Jardines de A Coruña (c. 1872)

Foron gañando terreo os radicais no Concello da Coruña ata tal punto que en 1915 xa figuraban como concelleiros radicais, con varias Tenencias de Alcaldía, os señores Abad Conde, Fernández Morales, Lafuente, González (Juan e Joaquín), Salvadores (Tomás), e máis tarde seu irmán Francisco, Pérez Rodríguez (Cándido), Caridad Pardo Penedo, Puente Prieto, Perina, Lage, Menlle, Pazos, Cobas, Fontenla, Ferreiro. Algúns deles abandonaron o partido por motivos locais.

Abad Conde desempeñou en gran parte a Alcaldía Accidental dende o 21 de xuño de 1914 ata que en 1917 elixírono Alcalde popular durante o bienio 1918-1919.

Con diversas alternativas seguiron os radicais no Concello ata que o golpe de Estado do 1 de outubro de 1923 desaloxou o Concello popular.

A viaxe de Lerroux á Coruña, Ferrol, Pontevedra, Guillarei e outros puntos de Galicia en marzo de 1923 espertou as ansias revolucionarias pero o advenimento da Dictadura impediu de momento que se alcanzara todo o froito.

Ó advenimento da República sufriron os radicais as persecucións da ORGA, a pesar de que eran os últimos republicanos presos pola monarquía.

Radicais actuantes na vida oficial da Coruña foron o Gobernador Civil Emilio Novoa e o Alcalde Atanagildo Pardo de Andrade, o Presidente da Deputación Antonio Goyanes e os deputados Liñares, Fernández Fandiño.

Os Concellos de outros moitas vilas contaron con maiorías radicais entre eles os de Ferrol e Santiago cos seus Alcaldes Segundo Cotovad e Francisco Vázquez Enríquez. O Comité constituído en Ferrol tiña como Presidente a Vicente Cenalmor Ramos e como Secretario figuraba Rafael Liste Mosquera. En Santiago estaba como Presidente Braulio Amaro Gómez e como Secretario Gabriel Mosqueira. Finalmente na Coruña, o Comité estaba constituído polo Presidente Manuel Fernández Vázquez e como Secretario Bernardo Sánchez Rilo.

«Nestes elementos, homes prestixiosos e masas populares, ideais e programas, entidades e organismos de clases diversas, atopa Lerroux unha canteira inesgotable para construír o sólido e grandioso edificio da futura República».

ARTIGO



O CONGRESO DA MEMORIA

Por Enrique Barrera Beitía
(Membro da Asociación Memoria Histórica Democrática.)



A Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, co apoio económico do Concello de Narón, vén de abordar un feito de gran calado e transcendencia, como é a organización do Congreso da memoria, o primeiro destas características en Galicia.

Os obxectivos eran por una banda, determinar con rigor científico a represión do franquismo na Galicia en termos tanto cuantitativos como cualitativos e, pola outra banda, reivindicar e dignificar á poboación represaliada e ós seus descendentes.

Eran ámbalas dúas cuestións unha débeda pendente coas xeracións que sufriron a represión durante catro décadas, despois do golpe de estado protagonizado polos militares en Xullo de 1936. Partidos políticos e Universidades entenderon que polas características pactadas da transición, era preciso manter en "stand by " este tema. Sen embargo, todos consideramos hoxe en día, que se deixaron pasar demasiados anos.

No hai ánimo de revancha, pero si unha triple e firme convicción: en primeiro lugar, que as novas xeracións coñezan a historia da dictadura franquista e o que supuxo para Galicia. En segundo lugar, frear os intentos de revisionismo histórico desenvolvidos nos últimos anos e que pretendían modificar a realidade histórica, de tal maneira que a dictadura franquista pasase de ser un período tráxico en termos económicos e humanos, ideoloxicamente afín ao nazismo alemán e fascismo italiano, a un simple goberno autoritario cos seus defectos e virtudes " como calquera goberno". En terceiro lugar, extraer unhas conclusións que presentar ante as institucións.


Dende o meu particular punto de vista debo afirmar, con total sinceridade, que o Congreso acadou un éxito pleno en todas as súas facetas. Cientificamente, recolleu e encadrou corenta traballos de investigación que estaban espallados por toda Galicia, de maneira que cando sexan publicados, existirá unha radiografía exacta dos mecanismos represivos ferreamente controlados polas forzas armadas coa complicidade das xerarquías eclesiásticas e o emprego de milicianos falanxistas para o traballo sucio. Complétase este eido investigador, coa análise da represión nas diferentes bisbarras galegas e sobre os diferentes colectivos profesionais e políticos afectados. As corenta ponencias recollen a case totalidade da investigación en Galicia, sobre a que persisten aínda dificultades.

Non menos importante é a dignificación das víctimas, coa inauguración dun monumento no Val, unha das parroquias da bisbarra que máis sufriron. É significativa a actitude do Bispo da nosa diócese que nos deixou perfectamente claro que non permitiría que nas propiedades da Igrexa Católica e nos muros dos cemiterios se instalasen monumentos en lembranza e dignificación dos asasinados. Difícil é pechar as feridas con estas actitudes. Os verdugos da dictadura esgotan placidamente o seu ciclo biolóxico gozando de xenerosas xubilacións, alardeando das súas "fazañas" e aínda berrando a quen quere escoitar que non teñen nada de que arrepentirse nin xente a que pedir perdón.

«É significativa a actitude do Bispo da nosa diócese que nos deixou perfectamente claro que non permitiría que nas propiedades da Igrexa Católica e nos muros dos cemiterios se instalasen monumentos en lembranza e dignificación dos asasinados».

Non hai autocrítica, pero cando xorden iniciativas para lembrar ás víctimas, enterrarlas dignamente, dignificar a súa actividade durante o período republicano, constatando que non eran nin criminais nin delincuentes, e que a única razón do seu asasinato foron as ideas republicanas que profesaban, a prol da liberdade de pensamento, de cátedra, etc, entón os herdeiros do franquismo rompen as súas vestiduras e alzan as súas voces para clamar que se queren remover as feridas, etc.

Afortunadamente, o concorrido Congreso de Narón non é a meta, senón a liña de saída nesta loita para pechar debidamente o libro da Historia. Hai outros concellos comprometidos publicamente para acoller nos vindeiros anos as seguintes edicións. Nin todo o poder mediático do Goberno do Partido Popular pode bloquear esta onda investigadora e reivindicativa, porque a mesma responde a necesidades anímicas da poboación, e coma tales son indestructibles.



CONCLUSIÓNS
1º CONGRESO DA MEMORIA HISTÓRICA




O primeiro Congreso da Memoria «A represión franquista en Galicia», celebrado en Narón os días 4, 5 e 6 de decembro de 2003, aprobou as seguintes conclusións:

1. Dirixirse á FEGAMP e ás Deputacións para que estimulen no conxunto dos concellos galegos a recuperación da memoria histórica democrática para saldar a débeda coas víctimas do franquismo e con tódolos homes e mulleres que mantiveron en condicións extremadamente adversas a bandeira da liberdade e da democracia.







2. Incluír nesta petición a incorporación nos rueiros, prazas, parques e monumentos, dos nomes das devanditas persoas e simultaneamente, proceder á retirada da simboloxía franquista.

3. Devolución do patrimonio ás entidades afectadas polo golpe militar de 1936.

4. Dirixirse ao Parlamento de Galicia para que sexan rehabilitados moral e politicamente, e sexan compensados economicamente, tódolos represaliados da dictadura franquista.

5. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia e ao conxunto dos poderes públicos para dispor de fondos económicos que permitan o financiamento dos traballos de investigación e recuperación da nosa historia, do noso patrimonio artístico e literario silenciado, e transmitilo ás novas xeracións e tamén para o correcto enterramento das víctimas que hoxe en día están enterradas nas fosas comúns.

«Instamos a Xunta de Galicia e ao conxunto dos poderes públicos para para que financien os traballos de recuperación da nosa historia, e para o correcto enterramento das víctimas, que hoxe en día están nas fosas comúns».

6. Favorecer a apertura da totalidade dos arquivos para a investigación.


7. Dirixirse á Igrexa Católica para que faga unha análise autocrítica do seu papel colaboracionista na represión desenvolvida pola dictadura franquista.


8. Estender as conclusións deste Congreso ao conxunto da sociedade galega, para que esta coñeza a extensión real e as consecuencias da violencia represiva en tódalas súas manifestacións.

9. Que rematen as trabas administrativas para a legalización das entidades que traballan neste eido.

10. Amosar publicamente o apoio do Congreso á solicitude presentada e debatida no Parlamento español, no pasado setembro, a prol da anulación dos xuízos sumarísimos realizados no franquismo.

Narón, 6 de decembro de 2003.





COMUNICADO DA XUNTA DIRECTIVA

O pasado mes de maio cesou como Secretaria da Xunta Directiva do ATENEO FERROLÁN, DOLORES RIESGO FERNÁNDEZ, por razóns do seu traslado de residencia a Oviedo.

Agradecémoslle a súa aportación a este ATENEO, pois no pouco tempo que puido dedicarlle a esta función deixou un agradable recordo e uns sinais claros da súa capacidade e ben facer.

Ela propuxo para a súa substitución ó veterano socio JUAN GARMENDIA quen foi nomeado pola Xunta Directiva o pasado día 27-10-03 como Secretario da mesma, en aplicación do establecido nos nosos Estatutos no Art. 25 do capítulo IV: "... *O individuo da Xunta Directiva que inxustificadamente non asistise a tres Xuntas consecutivas, entenderase que renuncia ó seu cargo. Neste caso, como non dá renuncia expresa, poderá procederse ó seu reemprazo no remate dun mes; non podéndose reemprazar a máis da metade da Xunta Directiva elixida en Xunta Directiva Extraordinaria...*"

De tódolos xeitos, na próxima Asemblea Xeral someteranse a aprobación tódolos cargos da Directiva.




OS AUTORES MAITE DONO E LUIS ARTIGUE GAÑAN O PREMIO ESQUÍO DE POESÍA

Maite Dono, de Madrid, coa obra *De silencios*, e Luis Artigue, de León, por *El lado femenino*, foron os gañadores da vixésimo terceira edición do premio **Esquío de poesía de galego e castelán**, respectivamente. Os accésit en ambas as especialidades corresponderon a Oliver Escobar, de Lugo, pola súa obra *A última bengala*, e a Eloísa Sánchez, de Cádiz, con *Los hijos de Raquel*.

A decisión do xurado desta nova edición, que cada ano convoca a Fundación Caixa Galicia e a Sociedade Cultural Valle-Inclán, deuse a coñecer o pasado 28 de novembro no Parador de Turismo da nosa cidade. Os gañadores en ambas as modalidades, recibirán 9.000 euros e se publicarán as súas obras.

O xurado na modalidade de *Lingua Galega* estivo composto polos poetas Xulio López Valcárcel, Vicente Araguas, Estívalez Espinosa e Luisa Castro. En *Lengua Castellana* Sara Pujol, Julia Uceda, Emillo Coco e Fernando Bores.

En nome da Xunta Directiva do Ateneo: ¡Parabéns ós gañadores!




O FERROLÁN CONSTELA DOCE GAÑA O PREMIO DE LITERATURA TORRENTE BALLESTER COA SÚA PRIMEIRA OBRA.

«As humanas proporcións» impúxose a 597 manuscritos presentados ó premio da Deputación da Coruña

Xesús Constela Doce (Ferrol, 1963) resultou gañador da décimo quinta edición do Premio de Literatura Torrente Ballester, dotado con 20.000 euros e convocado pola Deputación da Coruña. A obra ***As humanas proporcións*** , ópera prima do autor, foi elixida entre 589 manuscritos (20 de eles escritos en galego).

O xurado, composto por Fernández Moreda, Celestino Poza, José Merino, Luis Mateo Díez, José María Guelbenzu, Pedro Sorela, José Antonio Ponte Far, Alfredo Conde, Rubén Abella, Marcos Ricardo Barnatán e Ángel Basantos, valorou a construcción experimental dos contos, escritos en claves fantástica e nun galego literario moderno.

O cubano Alejandro Soto Ramón quedou finalista por ***La noche del Nizur hiperespacio*** .



O día 20 de outubro de 2003 presentouse no Salón de Actos do ATENEO FERROLÁN o espectáculo literario musical "O Diccionario das Marabillas" presentado pola Compañía Teatral de Madrid EL BALCÓN DE LA CALLE DE LA LUNA, Teatro e Educación.


O ATENEO aportou as súas instalacións e a compañía fixose cargo de todo o proceso organizativo e realizador.

A Compañía "EL BALCÓN" concertou con Colexios de Ensinanza Primaria e ESO (5 de Ferrol e bisbarra) a asistencia e prezo. Como houbo algunhas dúbidas sobre o papel do ATENEO nesta cuestión queremos deixar constancia de que nos non intervimos para nada no tema, e sabemos que máis dun colexio asumiu o custe sen pasarlles nada ós alumnos/as, algún si o fixo.

O espectáculo todo un éxito, artístico e formativo.

Valeu a pena, ...





A TOD@ FILISPÍN!


Rádio Filispim nace oficialmente o 28 de novembro de 2003, logo dunha asemblea aberta celebrada no salón de actos do Ateneo Ferrolán, entidade que en todo momento amosou a súa simpatía polo proxecto. Nesa primeira asemblea aberta explícase o porqué desta iniciativa e preséntase o debate verbo de como contextualizar este tipo de experiencias de comunicación horizontal, libre, comunitaria, alternativa ou como se queira, no noso entorno. As diversas experiencias da, en todo caso, chamada radio do *terceiro sector* (público, privado e *sociedade civil*) en todo o mundo, así como as levadas ao cabo dende os primeiros anos oitenta no estado español, até as máis próximas: Rádio Kalimero en Compostela, Rádio Piratona e Onda Nada en Vigo, Radio Discolócate en Ribeira ou Cuac FM na Coruña, serven de modelo e punto de partida á nosa particular aventura. Unha aventura que pasa pola asimilación da importancia que supón posuír un medio de comunicación con vocación localista e independente, non sometido aos particulares intereses de grupos económicos ou de entes públicos. Non se trata aquí de repetir modelos xa existentes, nin de situarnos fronte a ninguén. Xustificamos a nosa iniciativa de acordo ao dereito fundamental á liberdade de expresión, consagrado na CE´78 e na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, entre outros textos, así como, en que o *espectro radioeléctrico* é patrimonio común da humanidade e a única atribución que corresponde ao estado, ao respecto, é administralo con criterios de *igualdade e pluralismo democrático*. Trátase de recuperar a noción de comunicación directa e horizonal cos grupos de base, a expresión libre e responsable, sempre aberta e con dereito a réplica, así como tamén o lugar que a rádio parece terlle negado á imaxinación, á experimentación, ás outras músicas (non impostas polas disqueras) e, como non, ao desenfado e bon humor. Arredor de todo isto, unha noción: *a autoxestión*. Cuestión que se traduce nunha implicación directa dos protagonistas e actores desta experiencia, ao converterse estes en copropietarios do médio. Unha "*propiedade*" cuxo obxectivo final sería o de *reinvertirse* na comunidade mesma, e porque non, o de *reinventarse* en todo momento, manténdose dinámica no entorno, comprometendo a súa causa na dirección comunicacional que lle é própia: *a horizontalidade*.


A materialización final de **Rádio Filispim**, depende en boa medida da intensa tarefa de xestión que están a facer as *comisións de traballo* creadas para esta primeira e decisiva etapa. Comisións: divulgativa, técnica, estatutaria, económica e de dinamización. Todas elas seguen a reunirse en asembleas constructivas, dinámicas e respectuosas coa própia natureza dun proxecto eminentemente alternativo. Actualmente estase a perfilar un programa de actividades que sirvan para autofinanciar e divulgar a idea: como é a venda de material diverso (bonos axuda, camisolas, fanzines, autocolantes...) ou a realización de poxas, concertos, mesas redondas. Mais somos conscientes de que a própia autoxestión suporá, nesta primeira e importante etapa, un esforzo que debe implicar a tod@s. De aí que solicitemos, que na medida das posibilidade de cada quen, se contribúa a facer realidade un modelo de rádio necesário e actualmente inédito no panorama radiofónico do noso entorno. Este, sen dúbida algunha, é o momento. Logo dunha pormenorizada análise sobre as necesidades básicas, en materia de equipos técnicos, e de acordo con uns mínimos de calidade e dignidade que consensuamos (como un activo máis do noso proxecto) precisamos dunha inxección económica inicial que estimamos nuns 3600 euros.

Estas son algunhas das fórmulas que propomos dende a asemblea de **Rádio Filispim**, e das que pretendemos que cada quen elixa a opción máis axeitada:

- ABONO DE COTA DE SOCIO, de acordo a situación persoal de cada un.
- MERCA DE MATERIAL: camisolas, bonos axuda, fanzines, autocolantes, cds...
- ASISTENCIA AS ACTIVIDADES: Concertos, mesas redondas...das que terás cumprida conta nos medios de comunicación que se fan eco das nosas propostas, así como ao través de cartazes...
- PASANDO A FORMAR PARTE DO *ARQUIVO FISILPIM*, como colectivo solidario:
  - o 1 Colectivos, asociacións culturais, de veciñanza, sociais, universidade, ...
  - o 2. Grupos de Música ou solistas que se presten a colaborar desinteresadamente.
  - o 3. Locais de ócio da comarca. Que sirvan de marco para celebrar concertos...
  - o 4. Artistas plásticos: pintores, escultores. Que doen algunha obra súa aos efectos dunha poxa solidária co proxecto.
  - o 5. Avogad@s que presten o seu asesoramento e apoio.
- DOAZÓNS: Precisamos,
  - o Material Técnico: lectores de CD, pletinas de casete, pratos de vinilo, micrófono, auriculares...
  - o Transferéncias bancárias: na medida da posibilidade de cada quen, a título persoal ou en nome dun colectivo, asociación, entidade. Podes realizar unha transferencia á conta de Rádio Filispim.

Entre tod@s podemos!!! Ímola armar!!!
Fainos chegar a túa opinión a: **radiolibreferrol@hotmail.com**
Ou contacta con **Rádio Filispim** en: 680 730241 e 686 339770
Comisión de dinamización do proxecto de radio alternativa para Ferrol





Ferrol , 15 de decembro de 2003

Por unha parte, MULTIÓPTICAS CALLAO, con CIF: A15663123, representada por D. Moisés Candales Manso con DNI 32630475F, en calidade de Director de relacións institucionais e pola outra parte ATENEO FERROLÁN con CIF: G15037468, representado por D. Eliseo Zaera Ríos con DNI 32532509K en calidade de Presidente,

MANIFESTAN:
A vontade de colaborar coa finalidade de pór a disposición dos socios e socias do ATENEO FERROLÁN un conxunto de vantaxes especiais ó adquirir calquera producto dos ofertados por MULTIÓPTICAS nos seus establecementos e dentro do tráfico ou xiro normal do seu negocio.

ACORDAN:
MULTIÓPTICAS ofrece a posibilidade ós socios e socias do ATENEO FERROLÁN, unha serie de descontos e ofertas especiais (en montura, lentes, gafas de sol, lentes de contacto e audiófonos) dos que poderán gozar tanto eles como os seus familiares directos, coas características e vixencia indicados na oferta. Estes descontos e prezos especiais non serán acumulables a outras ofertas que outorga MULTIÓPTICAS por promoción.
Pola súa parte, o ATENEO FERROLÁN, informará oportuna e amplamente destes descontos e prezos especiais ós seus socios e socias, mediante a entrega do catálogo de ofertas vixentes.
Establécese que os socios e socias do ATENEO FERROLÁN se beneficiarán desta oferta, identificándose como membros de dita entidade mediante a tarxeta "Multiópticas Select" ou no seu defecto a entrega do díptico da oferta cando realicen as súas compras.
A entrada en vigor deste acordo producirase a partir da data da firma, terá carácter de exclusividade con Multiópticas no sector óptico e terá validez por un período de 2 anos.

Conforme
D. Moisés Candales Manso
MULTIÓPTICAS CALLAO

Conforme
D. Eliseo Zaera Ríos
ATENEO FERROLÁN

Select
S e l e c t

Descubra *na súa optica*
máis ***ventaxes*** *exclusivas*
do programa ***select***

MULTIÓPTICAS
Nº1 EN SERVICIOS ÓPTICOS

- *Conservación e limpieza das súas gafas*
- *Control visual periódico e gratuíto*
- *Asesoramento técnico e estético*
- *Garantía total de adaptación*
- *Servicio de entrega urxente*
- *Servicio de balde de atención ó cliente 900 34 35 36*
- *Programa travel club*
- *Financiamento á súa medida*
- *Garantía postvenda de productos*

Monturas	
Monturas para toda a familia dende...	23,75 €
Monturas de titanio dende...	106,00 €
Monturas al aire dende...	45,00 €

Lentes de contacto	
Pack de lentes de contacto para 6 meses... (2 cajas de lentes +2 solucións únicas de 500ml)	85,00 €


Audífonos	
Audífono retro dende ...	265,00 €
Audífono intra dende ...	650,00 €
Audífono progamable dende ...	1.050,00 €
Audífono digital dende...	1.295,00 €

Sol graduado	
Lentes de sol graduados dende...*	55,00 €

Cristais (parella)	
Lentes minerais 1.6 dende...*	35,00 €
Lentes orgánicos con tratamento endurecido e antirreflexante desde...*	52,75 €
Orgánicas endurecidas (especial nenos) dende...*	39,00 €
Lentes progresivos dende...*	114,00 €
Lentes progresivos alta gama GOLD VIEW dende...*	315,00 €
Bifocais dende...*	75,00 €

15% de desconto no resto de productos

Oferta non acumulable a outras promocións
**Oferta válida hasta +/-4Esf. -+/-2Cil*



EL BALCÓN
de la calle de la luna
Teatro y Educación

EL BALCÓN DE LA CALLE DE LA LUNA
TEATRO Y EDUCACIÓN



1992-93
12 ANIVERSARIO
2003-04

ATENEO FERROLAN
MAGDALENA, 202-204.
15402-EL FERROL

MADRID, 26 de Noviembre de 2003

Estimado Eliseo:

Tuvimos la oportunidad de representar por vez primera en Ferrol gracias a la generosidad y gentileza del Ateneo Ferrolan.

Deseamos expresar que pocas veces nos hemos sentido como en nuestra casa.

Sorprendidos por el recibimiento abierto y sincero.


Agradecidos porque empresas como la del Ateneo Ferrolan alientan nuestros objetivos.

Admirados porque comprendemos el alcance de vuestras actividades.

Gracias al Ateneo Ferrolan.

Compañía EL BALCÓN

INFORMACIÓN
Y
RESERVAS:
Apartado de correos: 14907
28080-Madrid
Telf/fax: 91 366 49 32
Móvil: 619 253 175
Correo e:
elbalconluna@terra.es



ASEMBLEA DA ASOCIACIÓN IBEROAMERICANA E FILIPINA DE ATENEOS

Cun amplo e variado programa de actividades celebrouse en Quito (ECUADOR) a Asemblea da AIFA (Asociación Iberoamericana e Filipina de Ateneos) dos días 20 a 23 de novembro pasado. Nela participou o ATENEO FERROLÁN representado polo seu Presidente.


Asamblea de la Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos C.C.E. - Quito, Ecuador 20 a 23 de Noviembre de 2003

Asistiron Ateneos de España, Portugal, Ecuador, México, República Dominicana, Cuba, Porto Rico, Paraguai e Chile.

Na primeira sesión, logo das palabras do anfitrión, o Presidente da Casa da Cultura Ecuatoriana, D. Raúl Pérez Torres, do Presidente do Ateneo Ecuatoriano e do Presidente de AIFA, D. Arturo Azuela, deuse lectura ó Acta da reunión anterior, celebrada en Gijón en maio deste mesmo ano 2003.

E seguindo o vello estilo dos ATENEOS de inaugurar o curso cunha conferencia maxistral, esta déunola o Presidente Pérez Torres, escritor, pensador e poeta, desenvolvendo unha preciosa visión da literatura ecuatoriana, concatenando, como non podía ser doutro xeito, coa europea en xeral.

Polo seu alto interese incorporamos unha selección dos párrafos máis salientables nesta revista (Páxinas 41-42)

Acordos máis importantes tomados na Asemblea de AIFA:

- Publicación dunha revista semestral da Asociación. A Casa da Cultura Ecuatoriana ofreceu os seus servicios para a edición gratuíta da Revista.

- O lema da Asociación "TODO LO QUE NOS UNA, NADA QUE NOS SEPARE". Será posto en latín e figurará nun "logo" para o que se piden ideas.

- Que tódolos ATENEOS membros de AIFA inclúan esta condición nas súas publicacións.

- A próxima reunión de AIFA será en Xuño 2004 en Guadalajara (México) e para o 2005 en Madrid onde corresponderá elixir nova Xunta Directiva.

- Se incorporan dous novos vocais á Directiva: Paraguai e Chile, seguindo o acordo acadado en México (2001) de procurar unha ampla representación xeográfica na Directiva.

A Xunta Directiva e acompañantes fomos recibidos polo Alcalde de Quito e ofrecéusenos un amplo percorrido polo centro histórico da cidade, polos museos e os arredores máis pintorescos, en dous días de visitas.

BREVES APUNTES SOBRE LA LITERATURA ECUATORIANA

Por Raúl Pérez Torres

¿De dónde vengo? Vengo del ombligo del mundo. Del centro del mundo. Mi país tiene un nombre que no define la historia, sino el azar. Ecuador. Si alguien toma el diccionario para saber algo de él, se encontrará con que Ecuador es el círculo máximo de la Tierra, perpendicular a la línea de los polos.

(...)

Pero dejemos de lado este nombre "geográfico y geométrico", y digamos que, como dice algún historiador, "para vivir a 2850 metros sobre el nivel del mar – altura de Quito- todos los hombres de todas las razas del globo tienen que ensanchar el perímetro del tórax".

(...)

Nacidos entonces bajo la línea ecuatorial, sería atinado decir que la geografía nos desune, nos dispersa, no nos permite una uniformidad, somos selva y trópico pero también montañas y nieve, maravillosa fusión de cosmogonías y sangre, negros, indios, cholos, mulatos, mestizos, blancos, desde donde ha salido un arte y una literatura múltiple que ahora paso a narrarles:

De una manera vacilante, indecisa, como cuando el niño empieza a caminar la literatura ecuatoriana inicia su camino a pie, pero bajo la sombra tutelar, libertaria, polemista, del indio quiteño *Eugenio Espejo*, quien, desde 1770, en panfletos, libros y peeriódicos, asumió su valiente actitud anticolonialista, que finalmente le costaría la vida. Conspirador e inspirador de la Independencia. Luego, en el último cuarto del siglo XiX, la literatura ecuatoriana empezará a caminar bajo un optimismo racionalista, un mundo inconmovible, prefigurado, quieto, ordenado, feudal y conservador. En el cuento no se va más allá del relato de costumbres, de la tradición o la leyenda y los temas estarán vinculados a un realismo chato y luego a un romanticismo dulzón y desabrido, cuyos padres putativos serían Chateaubriand, Lamartine, Víctor Hugo, Walter Scott, ... etc..

(...)

El siglo XX se abre maravillosamente para nuestra América, para América Latina, con ese gran cuentista argentino *Horacio Quiroga* y en nuestro país empiezan a reafirmarse, a delimitarse, dos caminos del realismo: el realismo social y el realismo sicológico, esas dos vertientes copan la literatura de los albores del siglo. En nuestro país aparece un libro de alguien que a la postre moriría loco en un sanatorio para enfermos mentales, *Pablo Palacio*: Un hombre muerto a puntapiés (1927). Ese libro marcaría los derroteros de casi toda la literatura posterior. Los otros escritores significativos de la famosa generación de los treinta, se adscribirían al realismo social por la necesidad de denunciar las injusticias sociales, de mostrar la realidad del campo, de la tiranía feudal. En la poesía, a partir de 1925, aparecían las obras de tres grandes líricos de nuestra literatura: *Jorge Carrera Andrade, Alfredo Gangotena y Gonzalo Escudero*. Recojo aquí algunos contextos internos y externos que marcaron esa literatura y que lo he tomado de algunos investigadores de mi país.

Contextos internos: Crecimiento de las ciudades, industrialización naciente, formación de un proletariado urbano, desencanto por la traición a los movimientos revolucionarios del pasado y comienzos del presente. De 1920 a 1940 tenemos veinte presidentes , casi uno por año, inestabilidad política, búsqueda y agitación.

Contextos externos: 1914, año de la barbarie de la Primera Guerra Mundial. Desengaño de la civilización europea. Constantes intervenciones del imperialismo norteamericano en América Latina. Crisis económica de 1929.

Revitalización del marxismo. Hechizo de las nuevas ideas de Marx y Freud. Se funda el partido comunista en nuestro país.

Corrían los años en que todo vestigio liberal de la revolución de 1895 se había quemado en la misma Hoguera Bárbara en la que asesinaron y quemaron al líder máximo de este movimiento liberador: *Eloy Aureliano Buendía*, de García Márquez. Se vive el caos, la explotación y la miseria; empieza a vislumbrarse el fantasma pavoroso de la Segunda Guerra Mundial.

(...)

Nos encontramos en los años cincuenta, hasta cierto punto estériles y de una calma bonachona, década, empero, que se abre con una gran novela: *El éxodo de Yangana* de Ángel Felicísimo Rojas, uno de los textos literarios más novedosos, atrayentes, denunciativos y bellos de la historia literaria ecuatoriana. Todavía la bronca literaria se da entre los

Extracto da conferencia pronunciada por RAÚL PÉREZ TORRES na Asemblea da Federación de Ateneos celebrada do 20 ó 23 de novembro en QUITO (Ecuador).

RAÚL PÉREZ TORRES
Escritor Ecuatoriano
Presidente da Casa da Cultura Ecuatoriana
Membro da Xunta Directiva da Asociación Iberoamericana e Filipina de Ateneos (A.I.F.A.)

dos realismos. En el uno supervive Jorge Icaza, creador de la novela que mayor fama ha tenido en el Ecuador y en el mundo entero: *Huasipungo*, algunos cuentos de gallegos Lara, Pedro Jorge Vera, Alfredo Pareja, Adalberto Ortiz, con sudeslumbrante novela *Juyungo* – "historia de un negro, una isla y otros negros", y en el otro, en el realismo sicológico, empiezan a aparecer muchos escritores que tienen ya una obra de consideración: César Dávila, Rafael Díaz Icaza, Jorge Enrique Adoum, etc..

(...)

En uno de los manifiestos del Frente Cultural, decíamos que el desarrollo del capitalismo en el Ecuador, el surgimiento de la clase obrera, la constitución de organizaciones políticas que reivindicaban los intereses proletarios, fueron, entre otros, los elementos fundamentales que determinaron la conformación de núcleos de intelectuales del sector medio que ya no respondían a los intereses de las clases dominantes. Hasta la década de los años sesenta aparecen intelectuales progresistas que, al asumir su compromiso político con la historia, devinieron en militantes de las organizaciones de izquierda.

(...)

Vendrían entonces los maravillosos, encantados, desencantados, apabullantes, libres, esquizofrénicos, trágicos, luminosos años sesenta, pero ya que hemos llegado hasta aquí, bajo esas dos realidades de nuestros escritores de los años treinta – el realismo social y el realismo psicológico – es hora de preguntarme (ya empiezo a estar involucrado) de qué realidad hablo.

"La realidad no existe. Al menos no como la entiendes tú Sancho", diría el Quijote. La realidad para nosotros, los de los años sesenta, es una trampa. Y en la literatura, la realidad es apariencia. El escritor únicamente entiende "la realidad" si va así, entre comillas. Vladimir Nabokov, Franz Kafka y Faulkner lo sabían. Pero vamos por partes, como diría el descuartizador, sí el descuartizador, si el descuartizador fuera Cortázar.

(...)

La "edad de oro" de nuestras letras (1925-1945) había pasado, y nosotros con gusto les dimos todo el oro que merecían y nos quedamos sin nada. Pero fueron otras "realidades" maravillosas y desgarradoras, internas y extremas, las que modificaron, nutrieron, apuntalaron nuestra necesidad de convertirnos en escribientes, en oráculos, en chamanes de una conciencia nueva, subversiva, caótica, violenta, ambigua, que contenía el hombre planetario, al hombre en sí y a su circunstancia.

(...)

Vendría luego la guerra de Vietnam. Nunca olvidaré la despedida de los familiares de aquellos soldados, especialmente portorriqueños, latinos, negros, en el aeropuerto de Chicago, con la perplejidad de la muerte rondando ya en sus rostros, con la indescifrable angustia de no saber a dónde iban, ni para qué, ni qué defendían, ni por qué. Y mucho más tarde, la Perestroika, la caída del muro de Berlín, la Guerra del Golfo, los sucesos de Nicaragua, el desangre vertiginoso de la revolución cubana, su espantosa soledad y aislamiento.

La tecnificación acelerada, la deshumanización, la robotización del ser, la vergüenza de ser humano en esta humanidad. La manipulada postmodernidad y su interesado fin de las ideologías, el descalabro del comunismo y por si fuera poco el Sida.

Estas y mil más han sido las realidades que han constituído nuestro marco sociopolítico y espiritual en el que ha crecido y se ha desarrollado nuestra literatura; una literatura de la ambigüedad, de la angustia, de la incertidumbre, del desencanto del hombre y sus instituciones; una literatura que, sin embargo, busca la identidad perdida, la inocencia, el gesto, el otro rostro de una existencia urbanizada y encementada, literatura que fluye de la conciencia, que interioriza en los eslabones rotos del ser humano que desquicia lo cotidiano que revela su secreto, que envuelve, alumbra y oscurece la identidad del hombre común, que se olvida de la anécdota para ir vertiginosamente a la esencia existencial de un gesto, una palabra, una lágrima; una literatura hasta cierto punto secreta, con el áurea de un diario íntimo, donde el antihéroe sin ornamentos se mira al espejo, hace muecas,grita a la conciencia del lector para juntos empezar siempre una faena lúdica y trágica de búsqueda de la dignidad, de la libertad, del amor extraviado.

(...)

En mi país, de igual manera, están creciendo poetas, desde las alcantarillas, desde las mazmorras, salen de los árboles, de los arupos y los jacarandás, de las montañas y la selva, de los suburbios, de las iglesias, y hasta de los confesionarios.

Por mi parte he decido concentrar mi vida en la literatura y a veces pienso que más vivo cuando escribo que cuando vivo realmente. El arte es una especie de suero para el intoxicado, de bastón para el ciego, de sillón del soicoanalista para el extraviado. Recuerdo que Alberto Einstein, cuando escuchó tocar el violín al gran artista Yehudi Menuhin, exclamó: "Ahora sé que hay un Dios". Sin embargo a este músico cuando tenía nueve años su profesor de francés le traumatizó y le dijo: "mientras haya hombres habrá guerras". Desde aquel día Menuhín no ha dejado de utilizar su arco y su violín como arma de paz: "estoy convencido de que la música puede acercar a los hombres y curarlos", ha dicho.

Quizá sea eso lo que yo he querido decirles. Quizá sea eso lo que yo busco con mi literatura. La paz y la solidaridad. El deslumbrante camino a la esencia del hombre.

«Quizá sea eso lo que yo he querido decirles. Quizá sea eso lo que yo busco con mi literatura. La paz y la solidaridad. El deslumbrante camino a la esencia del hombre».

PASAMENTO DA NOVELISTA E POETA DULCE CHACÓN O 5 DE DECEMBRO

EL CERCO

"Mirarás hacia atrás
un dedo te señala
pero no podrás verlo

Mirarás
buscando a un hombre
el monstruo afila
sus garras

Extenderás las manos
a tientas buscarás
aire
y darás la vuelta

Lágrimas y palmeras contra el cielo
repiten tu nombre

Una y otra vez darás la vuelta
con las manos extendidas
aire
buscando a un hombre

Pero no podrás verlo

El monstruo se ha pintado en la cara
una bandera

El hombre se ha pintado en la cara
una bandera

Palpas
aire
creyendo en tu ceguera
vuelves a palpar
buscando a un hombre

pero no podrás verlo

Aire
Música
y todo instrumento repite:
Bagdad
Bagdad
Girarás
a derecha y a izquierda
a izquierda y a derecha girarás

flamean las banderas
la paz lleva en la cara colores de guerra

Ay de ti, Bagdad
ya son dos y tres y ciento
las garras afiladas de mástiles

Girarás
buscando a un hombre

Pero no podrás verlo
no

Aire
y un lamento
Aire
Aire
y la luna tumbada
y un rumor de leyenda
y Sherezade
repiten:
Bagdad
Bagdad.



HOMENAXE A GONZALO ROJAS

OSCURIDAD HERMOSA

Anoche te he tocado y te he sentido
sin que mi mano huyera más allá de mi mano,
sin que mi cuerpo huyera, ni mi oído:
de un modo casi humano
te he sentido.

Palpitante,
no sé si como sangre o como nube
errante,
por mi casa, en puntillas, oscuridad que sube,
oscuridad que baja, corriste, centelleante.

Corriste por mi casa de madera
sus ventanas abriste
y te sentí latir la noche entera,
hija de los abismos, silenciosa,
guerrera, tan terrible, tan hermosa
que todo cuanto existe,
para mí, sin tu llama, no existiera.

¿A QUÉ MENTIRNOS?

Vivimos, gran Quevedo, vivimos tiempo que ni se detiene, ni
tropieza, ni vuelve.

¿A qué mentirnos con la llama del perfume, con la noche moderna
de los cinematógrafos, antesalas terrestres del sepulcro?
Pongamos desde hoy el instrumento en nuestras manos.
Abramos con paciencia nuestro nido para que nadie nos arroje por lástima al reposo.
Cavemos cada tarde el agujero después de haber ganado nuestro pan.

Que en esa tierra hay hueco para todos: los pobres y los ricos.
Porque en la tierra hay un regalo para todos:
los débiles, los fuertes, las madres, las rameras.
Caen de bruces. Caen de cabeza o sentados.
Por donde más les pesa su persona, todos caen y caen.
Aunque el cajón sea lustroso o de cristal. Aunque las tablas
sin cepillar parezcan una cáscara rota con la semilla reventada.

Todos caen y caen, y van perdiendo el bulto en su caída,
¡hasta que son la tierra milenaria y primorosa!

Gonzalo Rojas



Cunha débeda de onte na mirada
e o senso do futuro baixo as pálpebras,
achégome ós teus ollos;

pouso nas mans as horas que non fuches,
os recantos do sorriso,
esta ausencia vencellada a tanto absurdo,

acougo os desamparos, a desfeita respirada
e ata deixo nos pregos dos meus dedos
os instantes nomeados polo amor
que non te soubo.

Neste atafego murchento,
a nova vida vai xurdindo empedrada en certidumes;
se acaso, queda aínda esta carraxe apetuñada
en canto fomos e non somos,
esta pequena rota que conduce a tanta mágoa,
este sinxelo aceno de fraude sen anuncio
aturado a tanta perda.

A tarde comeza lene;
eu achégome ós teus ollos.

Romaní Trasalba

Por atoparte ausente,
debúxase un rumbo áspero cara a dor,
a señardade azul das túas derrotas
nun navegar efímero;

por atoparte ausente.

Abordáchesme ó costado,
envolvéndome
coas bravas ondas que fervían do teu peito;

o barco varado no areal, expectante,
e as súas velas xa cargadas;
os nosos beixos amoreándose pola praia
na percura de augas verdescentes e azuis.

O vento chegou na noite
arrincándonos da terra;
renovados mariñeiros, fumos soltando o trapo
e, coma sempre,
navegamos seguindo a derrota

e, coma nunca,
mar adiante escribimos nas sempre virxes ondas
do noso caderno aberto
de bitácora.

Coa batente música, as ondas apremantes
tentan rabuñar con persistencia
o teu ergueito estar;

en van, tentan facerse coa luz
desa fonte que aplaca a sede do meu mar,
nas longas noites.

Mateo Vilardemar

PEL


Coa pel desamparada,
coa pel a flor de pel,
coa pel arrepuiñada,
coa pel da túa pel,
tecín entrelazada
a vida nun papel;
semellando as palabras
cantigas dun segrel,
bordei na madrugada
as letras do cordel
das fías arrincadas
da cerna desa pel.
Coa pel enguedellada
coa pel feita un verxel,
coa pel alporizada,
coa pel da miña pel,
creaches na almofada
o noso amor de mel.

Aurora Varela Caabeiro

PAXARELA DE PAPEL

Un laio polos gráns de millo espallados
que non acadan unha terra húmida,
polos desertos de area
que non coñecen ás bagoas
que mollan ós ollos ó ler uns versos,
polos silencios, pola súa friura,
por esa esmola dos días sen compango,
polos toldos da noite
que escurecen o amencer dos poemas,
polas pálpebras pechadas,
polo sol que prende lume ó sentimento,
polo caracol que verte serpes de escuma
nas follas que xamáis lerá ninguén,
pola paxarela de papel...
!pobre do poema morto na folla encartada!
!pobres palabras nas ás pregadas
que morreron canda el!

Rosa María Martínez Dios



Por Adriana Pérez Acebo

¿Quen se agochan tralas siluetas se uníre-los puntiños?

¿Que tanto distinto ó meu colega?

¡A ver se es quen de resolve-lo labirinto que argallei onte!

T	A	D	O	R	S	A	M	E	I
O	U	L	M	L	I	T	A	D	N
R	S	R	T	U	V	X	Z	G	A
T	B	C	R	D	E	F	A	X	G
A	E	I	O	O	L	M	P	I	D
I	N	P	S	T	N	U	A	F	G
O	P	L	C	O	A	Q	N	Q	L
X	B	C	O	R	S	E	U	M	N
E	G	P	N	F	D	C	Q	S	M
I	Q	N	O	R	O	V	L	O	P

Pescuda na sopa de letras os seguintes doces navideños:


- TURRÓN
- ROSCÓN
- MAZAPÁN
- TORTA (de Reis)
- POLVORÓN
- DÁTIL


BASE

Engade cantas bombillas precises (de 1 W.) de forma que sumen cada fila 17 W.

¡Bo Nadal e feliz aninovo!

1. Veñen os Reis Magos.
2. Diferenzas: sombreiro, nariz, bufanda, botóns, rastas, puntiños






RECINOR


RECINOR nace coa prioridade de paliar un asunto tan crítico como o que supón o vertido de residuos de construcción. Adoptando a única solución posible que existe, o RECICLAXE, a REUTILIZACIÓN e a REDUCCIÓN de dichos residuos, chegamos a colocar máis do 80% do producto de novo no mercado.

"Todo residuo potencialmente reciclable o valorizable deberá ser destinado a estos fines, evitando su eliminación en todos los casos que sea posible"

Art. 11 punto 2, de la Ley 10/1998 de abril, de Residuos (BOE nº 96, de 22/04/1998)

Arte e Tecnoloxía



ATENEO FERROLÁN

www.ateneo-ferrolan.org